

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION ORDINARIA DE 31 DE XANEIRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Mariño, Ventura
Comesaña Abalde, Carlos	Polo Lima, María Soledad
Couto Pérez, José Manuel	Porteiro García, María Josefa
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier
Guerra Fernández, Javier Jorge	

NON ASISTEN:

Fernández Davila, María Olaia
Pérez Castrillo, Lois

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día trinta e un de xaneiro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente (con retraso), Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Sra. Fernández Davila e o Sr. Pérez Castrillo. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Comezamos gardando un minuto de silencio polas vítimas das agresións domésticas.

A Corporación Municipal e máis todas as persoas asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (3).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 4 E 29.11.04)

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Ponte)

Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ós Plenos da Corporación extraordinario do 4 de novembro e ordinario do 29 de novembro de 2004.

2.- (4).- ESCRITOS DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DON LOIS PÉREZ CASTRILLO E DONA OLAIA FERNÁNDEZ DAVILA, COMUNICANDO A SÚA RENUNCIA Ó CARGO. ESCRITO DE D^a CARMEN MARTÍNEZ-CORBALÁN PUCHE DIRIXIDO Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL COMUNICANDO A SÚA RENUNCIA A SER PROCLAMADA CONCELLEIRA ELECTA.

ANTECEDENTES.- Examinados os escritos dos Sres. Concelleiros do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), don Lois Pérez Castrillo e dona Olaia Fernández Davila, presentados no Rexistro Xeral en datas 13 e 25 de xaneiro de 2005, respectivamente, nos que comunican a súa decisión de renunciar ó seu cargo de concelleiros deste Concello, esta Corporación Local, ó abeiro do sinalado nos arts. 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 7.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na

Instrucción do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento dos escritos presentados.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución dos Sres. Concelleiros citados conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación as credenciais acreditativas da condición de electos a favor dos candidatos ós que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, os candidatos que deben cubrir as vacantes producidas son D. HENRIQUE VIEITEZ ALONSO e D^a SILVIA BERMÚDEZ PÉREZ, candidatos números 9 e 10 da lista electoral presentada polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) ás últimas eleccións municipais, habida conta que a candidata que figura no número 8 da lista mencionada renunciou mediante escrito de data vinte de xaneiro a ser proclamada electa.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central en unión do orixinal do escrito de renuncia presentado pola candidata D^a Carmen Martínez-Corbalán Puche a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

3.- (5).- DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG COMUNICANDO O NOVO VOCEIRO DO DEVANDITO GRUPO MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de xaneiro de 2005, o voceiro suplente do grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, comunica que o novo voceiro do devandito grupo municipal é don Santiago Domínguez Olveira.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

4.- (6).- NOMEAMENTO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, COMO VOCAL MUNICIPAL NO PLENO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de xaneiro de 2005, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, comunica que o concelleiro que substituirá a don Lois Pérez Castrillo como vocal municipal no Pleno do Consorcio da Zona Franca, será o concelleiro do mesmo grupo don Amador Fernández Fernández.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ó concelleiro do Grupo municipal do BNG, don Amador Fernández Fernández, como vocal municipal no Pleno do Consorcio da Zona Franca en substitución do concelleiro do mesmo grupo Sr. Pérez Castrillo.

5.- (7).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.740 € A FAVOR DE TELECIDADE S.A., EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DA CAMPAÑA PUBLICITARIA "ABAIXATE DO CARRO". EXPTE. 1608/101.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"2.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.740 € A FAVOR DE TELECIDADE S.A. EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DA CAMPAÑA PUBLICITARIA "BAIXATE DO CARRO". EXPTE. 1608/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 24.11.04, e de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 06.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte:

- Nº 495, de "Telecidade, S.A.", CIF. A-36792133, data de Rexistro Xeral 22.09.04, polo concepto "Campaña Báixate do carro", por importe de 1.740,00 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de "Telecidade, S.A.", con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, "Vigo 2005-2007", por un importe total de 1.740,00 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de "Telecidade, S.A.", por importe de 1.740,00 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, "Vigo 2005-2007" do orzamento prorrogado actualmente en vigor."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

6.- (8).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.000 € A FAVOR DE "CREACIONES LUMINOSAS S.L." EN CONCEPTO DO ALUMEADO DA ALAMEDA DE BOUZAS CON MOTIVO DAS SÚAS FESTAS. EXPTE. 1638/101.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"3.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.000 € A FAVOR DE CREACIONES LUMINOSAS S.L., EN CONCEPTO DO ALUMEADO DA ALAMEDA DE BOUZAS CON MOTIVO DAS SÚAS FESTAS. EXPTE. 1638/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 24.11.04, e de acordo co informe proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 08.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte:

- N° 1002004, de "Creaciones Luminosas, S.L.", CIF B-36351484, data de Rexistro Xeral 17.09.04, polo concepto "Instalación do alumeado na alameda Suárez Llanos durante as Festas de Bouzas 2004", por importe de 6.000,00 euros, IVE incluído.

2º.-1Recoñecer a obriga a favor de "Creaciones Luminosas, S.L." con cargo á partida orzamentaria 111.0.205.00.00, "Aluguer de equipos", por un importe total de 6.000,00 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de "Creaciones Luminosas, S.L." por importe de 6.000,00 euros, IVE engadido, con cargo á partida orzamentaria 111.0.205.00.00, "Aluguer de equipos" do orzamento prorrogado actualmente en vigor."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

7.- (9).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.153,41 € A FAVOR DE SECURITAS EN CONCEPTO DE VIXILANCIA NOS CENTROS CÍVICOS DE TEIS E CASCO VELLO. EXPTE. 474/321.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"5.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.153,41 € A FAVOR DE SECURITAS, EN CONCEPTO DE VIXIANCIA NOS CENTROS CÍVICOS DE TEIS E CASCO VELLO. EXPTE. 474/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Interventora Xeral do 25.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 09.09.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva polo importe de 7.153,41 €, á empresa Securitas Seguridad España, S.A., pola prestación de vixilancia no auditorio de Teis desde o mes de xaneiro de 2003 ao mes de xuño de 2004, da vixilancia presencial durante nove horas no Centro Cívico de Teis por avería dunha porta no centro e do incremento de roldas con motivo das festas da Reconquista no Casco Vello."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

8.- (10).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE 180.203,63 € A FAVOR DE "SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL, S.L." EN CONCEPTO DE AXUDA Ó DESENVOLVEMENTO DA COPA DO MUNDO DE SALTOS DE VIGO 2003. EXPTE. 1028/101.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"1.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE 180.203,63 A FAVOR DE "SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL, S.L." EN CONCEPTO DE AXUDA AO DESENVOLVEMENTO DA COPA DO MUNDO DE SALTOS DE VIGO 2003. EXPTE. 1028/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 07.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar nulo o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e "Servicios Hípicos Hipigal, S.L." de axuda ó desenvolvemento da Copa do Mundo de Saltos Vigo 2003, asinado o día 10 de febreiro de 2003.

2º.- Recoñecer a obriga por recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de "Servicios Hípicos Hipigal, S.L." (CIF B-36.873.354), en concepto de indemnización da cantidade especificada na cláusula segunda de convenio citado no punto anterior, 180.303,63 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.08, "Convenio Hipigal 2003".

3º.- Dispoñer o gasto a favor de "Servicios Hípicos Hipigal, S.L.", por importe de 180.303,63 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.08, "Convenio Hipigal 2003" do orzamento prorrogado actualmente en vigor."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

9.- (11).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 565.972,40 € A FAVOR DE FCC S.A., EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DUN PLAN DE CHOQUE DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 11/241.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"5.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 565.972,40 € A FAVOR DE FCC S.A., EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DUN PLAN DE CHOQUE DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 11/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe da interventora xeral do 18.11.04 e 13.12.04, e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Limpeza do 19.11.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor da entidade FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (A-28/037224) na contía de 565.972,42 €, en concepto de execución do plan de choque do servizo de limpeza realizado entre os meses de marzo e setembro (ambos inclusive) do exercicio 2000, do que se deu conta á Comisión de Goberno en sesión de data 11.08.2000, e de conformidade coa documentación acreditativa que se achega ó presente expediente.

2º.- Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor a esta Facenda Local que se explicita no parágrafo precedente da presente proposta co alcance económico establecido no mesmo.

3º.- Imputar o gasto por importe de 565.972,42 € ó crédito dispoñible na partida 442.0.227.0001 do orzamento vixente.

4º.- Do presente acordo darase conta á Intervención Xeral aos efectos da súa toma de razón contable, en cumprimento do establecido no apartado punto 4 do artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, ó non proceder neste momento acto de fiscalización previa.

5º.- En consoancia co establecido na Base 28 das de execución do orzamento, o presente expediente será remitido polo órgano xestor (servizo de limpeza) ao Pleno da Corporación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

10.- (12).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.677,27 € A FAVOR DE PLANITEC EN CONCEPTO DE ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA A SALA DE CONTROL DE TRÁFICO. EXPTE. 70353/210.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"17. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.677,27 € A FAVOR DE PLANITEC EN CONCEPTO DE ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA A SALA DE CONTROL DE TRÁFICO. EXPT. 70353/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.09.04, e de acordo co informe-proposta do concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, do 10.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e recoñecer a obriga a favor da empresa PLANITEC, con cargo á partida 12172200200, adquisición de materiais consumibles, por un importe de 1.677.27 €, correspondente ás seguintes facturas:

DOCUMENTO	REFERENCIA	IMPORTE
30108862	PLANITEC FRA. 009155 EXPT. 1581/113	747.50 €
30052801	PLANITEC FRA. 004150 EXPT. 1582/113	929.77 €

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

11.- (13).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.761,16 € A FAVOR DE ORECO S.A., POLO INCREMENTO DO IMPORTE DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS DA RÚA PORTELA. EXPTE. 43081/250.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"33. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.761,16 € A FAVOR DE ORECO S.A., POLO INCREMENTO DO IMPORTE DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS DA RÚA PORTELA. EXPTE. 43081/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 17.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 24.11.04, conformado polo enxeñeiro xefe e o concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Recoñecer o gasto necesario para o aboamento da factura presentada ao cobro por Oreco,S.A., por importe de trece mil setecentos sesenta e un con dezaseis euros (13.761,16 €) con cargo á partida orzamentaria 5110.611.00.39, polo que o contratista considérase, segundo a súa propia declaración, resarcido de todos os gastos derivados da execución do proxecto de mellora de beirarrúas da rúa Portela

2º.- No prazo de 15 días contados a partir da notificación do acordo, o contratista deberá formalizar a fianza por importe do 4% da factura, quedando pendente o aboamento da mesma a que acredite a súa formalización ante a Tesourería municipal.

3º.- Do presente acordo deberá darse conta ao Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas Bases de Execución do orzamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 24 de xaneiro, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

12.- (14).- CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CREACIÓN DUN CONSORCIO QUE TEÑA POR OBXECTO A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 4 de novembro de 2004 o Concello Pleno aprobou o convenio de colaboración a subscribir entre o Concello de Vigo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a constitución dun Consorcio interadministrativo de carácter local; na mesma resolución aprobábase provisionalmente o proxecto de Estatutos do Consorcio e acordábase sometelo a información pública e audiencia dos interesado polo período DUN MES, así como o informe da Deputación Provincial de Pontevedra e da Consellería de Xustiza da Xunta de Galiza.

Durante o prazo sinalado no edicto do Concello, publicado no BOP núm. 214 de data 11 de novembro de 2004, non se presentaron alegacións nin suxerencias segundo consta en certificación de data 09.12.2004.

Con data 19 de xaneiro de 2005, o Secretario Xeral do Pleno, de conformidade co acordado na Comisión de Seguimento, emite informe que figura no expediente e formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de xaneiro de 2005, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Puente)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o convenio fundacional entre o Concello de Vigo, Consorcio da Zona Franca de Vigo e Instituto Galego de Vivenda e Solo que ten como fin a constitución dun Consorcio interadministrativo para a xestión en común da recuperación e rehabilitación do Casco Vello de Vigo, co texto que se transcribe ó final deste acordo, facultando á Alcaldía-presidencia para a súa sinatura.

Segundo.- Aprobar definitivamente os Estatutos do Consorcio a constituir na redacción que figura como anexo ó Convenio, co texto transcrito ó final deste acordo.

Terceiro.- Proceder á publicación dos Estatutos no Diario Oficial de Galiza (DOGA) a efectos da súa entrada en vigor.

Cuarta.- Proceder a comunicar ó Senado o convenio suscrito e a súa publicación no BOE en cumprimento do sinalado no art. 8.2 da LRXPAC.

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CREACIÓN DUN CONSORCIO QUE TEÑA POR OBXECTO A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO.

En Vigo, a 3 de Febreiro de 2005

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Alberto Nuñez Feijoo, Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e Presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en virtude da atribución que lle confire o artigo 21 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro de desenvolvemento da Lei 3/1988, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Doutra parte, a Excma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo en nome e representación desta Administración Municipal, facultada para este acto mediante acordo do Pleno do Concello de data 31.01.05, segundo documento que se incorpora como anexo II.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. Francisco López Peña, Delegado do Estado da Zona Franca de Vigo, en nome e representación desta entidade pública, facultado para este acto en virtude de acordo do seu Pleno de data 2 de decembro de 2004, segundo documento que se incorpora como anexo III.

EXPOÑEN

I.- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribi-los correspondentes convenios con outros organismos e entidades,

S.Ordinaria 31.01.05

así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestructuras e de dotación de servizos.

II.- Que de conformidade co establecido tanto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL), como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os Concellos teñen atribuída, entre outras, a competencia relativa ó fomento dos intereses peculiares do municipio, contemplándose nos artigos 57 e 195 das Leis citadas, a figura do convenio administrativo como un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais, estatais e autonómica para os asuntos de interese común.

III.- Que, segundo a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 11 de maio de 1998 (BOE nº 113, do 12.05.1998), que modifica os artigos 5 e 7 da Orde do 24 de xullo de 1951 (BOE do 1.08.1951), pola que se estableceu o Estatuto Fundacional do Consorcio da Zona Franca de Vigo, este ten persoalidade xurídica e plena capacidade para realizar cantos actos sexan necesarios ou convenientes para o desenvolvemento e logro do seu obxecto. Así mesmo o artigo 80.1 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social e o artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/1999, do 23 de decembro, advirten que os Consorcios das Zonas Francas realizarán e destinarán inversións a actividades propias das Administracións territoriais que as integran.

IV.- Que, segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de todos os servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade veciñal. En particular, ostentan competencias -nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico artístico (Arts. 25.2 apdos.d) e e) LBRL e 80.2 apdos. d) e e) LALGA).

V.- Que por Acordo do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 1997, declarouse o ámbito do Casco Vello de Vigo como "Área de Rehabilitación Integrada", cunha delimitación coincidente coa do seu Plan Especial.

VI.- Que en data de 10 de marzo do ano 2004 as partes intervintes subscribiron convenio de colaboración co obxecto de levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de rehabilitación da súa "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI), mediante a adquisición de terreos, a adquisición e rehabilitación de inmobles e a rehabilitación e mellora do medio urbano.

VII.- As partes intervintes consideran de interese que a unión dos esforzos para conseguir de xeito adecuado e racional os fins pretendidos se materialice nun ente común. En consoancia con isto entenden que dado o carácter esencialmente público do obxectivo a forma máis idónea para a adopción de decisións é, de conformidade co previsto no art. 6.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a creación dun Consorcio interadministrativo ó

estar este ente organizativo de natureza pública dotado de persoalidade xurídica propia o que permitirá asumir dereitos e obrigas con independencia e autonomía dos entes consorciados.

A tal fin, os intervincentes resolven formaliza-lo presente Convenio de Colaboración Fundacional, que outorgan de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo, a fin de contribuir conxuntamente ó desenvolvemento e recuperación do Casco Vello de Vigo, propoñense crear un Consorcio interadministrativo coa denominación de "Consorcio Casco Vello de Vigo".

Segunda.- O Consorcio, rexerese polos Estatutos que se incorporan como anexo I ó presente Convenio en donde se determinan os seus fins e as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro.

Terceira.- As aportacións para a constitución e financiación do funcionamento do "Consorcio Casco Vello de Vigo" serán as seguintes:

1.- O IGVS aportará a cantidade de 12.000.000 € mediante entregas diñeirarias ou de edificacións, en función das súas dispoñibilidades orzamentarias. Así, na anualidade 2004 aportará a edificación consistente no Bloque A-C do expte. PO-97/020, da rúa Ferreiría en Vigo, valorado en 858.817,98 €, quedando polo tanto as aportacións do seguinte xeito:

ANUALIDADE	06.60.331A.607.00	06.60.331A.608.10	06.60.331A.854.00	TOTAL
2005	500.000		2.258.817,98	2.758.817,98
2006	1.000.000	1.500.000	1.200.000,00	3.700.000
2007	500.000	1.500.000	1.000.000,00	3.000.000
2008		740.000	1.000.000,00	1.740.000
2009	0	500.000	301.182,02	801.182,02
TOTAL	2.000.000	4.240.000	5.760.000,00	12.000.000

Dado que o número de anualidades sinaladas e as porcentaxes comprometidas ano a ano non se axustan ós límites legais do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galiza que define o réxime xurídico dos gastos plurianuais, o IGVS, para acadar a necesaria eficacia xurídica dos seus compromisos financeiros obrígase a instrumentar ante o Consello da Xunta a correspondente autorización.

As aportacións de cada anualidade faranse efectivas na medida que, motivadamente e a requirimento da Presidencia do Consorcio, o xustifiquen as necesidades de funcionamento e investimento do Consorcio. Formulado o requirimento a transferencia materializarse nun prazo máximo de trinta días.

2.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo aportará a cantidade de 15.000.000 €. Dita cantidade inversora que poderá ser recuperada no proceso de xestión ou adxudicación dos locais e vivendas resultantes, farase efectiva en cada anualidade na medida que motivadamente e a requirimento da Presidencia do Consorcio o xustifiquen as necesidades de funcionamento e investimento do Consorcio e segundo a seguinte distribución:

ANUALIDADE	IMPORTE
2005	4.545.545,54 €
2006	3.181.818,18 €
2007	2.272.727,27 €
2008	2.272.727,27 €
2009	2.272.727,27 €

Formulado o requirimento a transferencia materializarase nun prazo máximo de trinta días.

3.- O Concello de Vigo aportará a cantidade de 3.000.000 €, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2005	500.000 €
2006	500.000 €
2007	1.000.000 €
2008	1.000.000 €

O Concello de Vigo, trala sinatura do Convenio, e para atender ós compromisos financeiros derivados do mesmo, correspondentes á anualidade 2005, comprométese a instrumentar a correspondente modificación presupostaria, no suposto de que os ingresos procedentes dos aproveitamentos urbanísticos sexan insuficientes.

Cuarta.- O presente convenio terá a duración fixada para o Consorcio sen prexuízo da súa extinción cando así o acorden as administracións que o subscriben, en cuxo caso estas adoptarán as medidas necesarias para a liquidación que proceda.

Quinta.- O réxime xurídico aplicable ó presente Convenio de colaboración fundacional será o establecido ó efecto pola Lei 30/1992, do 20 de novembro e demais concordantes a tal efecto e en cumprimento do sinalado no artigo 8.2 da norma citada o presente documento será remitido ó Senado e publicado no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. Para a resolución das controversias que puideran producirse as partes suxeitaranse ós tribunais da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sexta.- As partes intervintes acordan deixar sen efecto o Convenio por elas asinado en data do 10 de marzo de 2004 sendo o mesmo substituído na súa integridade polo presente.

Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de contratos das administracións públicas, conforme ó disposto no artigo 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, coa salvedade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

E en proba de conformidade o asinan en cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados.

ANEXO I

PROXECTO DE ESTATUTOS DE CONSORCIO INTERADMINISTRATIVO A CONSTITUIR POLO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

TITULO I Natureza, obxecto e domicilio

Art. 1º.- Constitución

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo; o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Excmo. Concello de Vigo, en desenvolvemento do Convenio de Colaboración suscrito en data de 10 de marzo de 2004 e do de creación suscrito en data de 3 de febreiro de 2005, do que este documento é anexo, constituen un Consorcio interadministrativo coa denominación de "Consorcio Casco Vello de Vigo" (C.C.V.V.)

Art. 2.- Natureza.

O Consorcio regulado nestes Estatutos constitue unha Entidade Local de Dereito Público de carácter asociativo, dotada de persoalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. O Consorcio rexirase polos presentes Estatutos e polo previsto na normativa específica que lle sexa de aplicación.

Art. 3.- Obxecto.

O Consorcio constitúese co obxecto de articula-la cooperación económica, técnica e administrativa entre as Administracións consorciadas a propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que lle son propios.

Art. 4.- Fins.

1.- O fin esencial do Consorcio é levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación da súa "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación.

2.- Constituído o Consorcio iniciaranse as seguintes actuacións:

- a) Xestionar a adquisición dos edificios.
- b) Contratación da redacción dos proxectos de rehabilitación e urbanización.
- c) Contratación da execución das obras de rehabilitación.
- d) Contratación das obras de urbanización e adecuación dos espazos resultantes.

3.- Unha vez ultimados nos edificios os procesos de compra e posterior rehabilitación ou transformación, o Consello de Administraciónm, por

unanimidade dos seus membros, en uso das facultades de xestión e execución dos correspondentes Plans e Programas de Actuación poderá acordar o destino das distintas vivendas e locais dos edificios rehabilitados asignando, coas correspondentes condicións, as distintas unidades constructivas ós entes consorciados para a súa explotación, xestión ou adxudicación. Como criterio rector as unidades con destino a vivenda serán asignadas preferentemente ó IGVS e os que teñan outros usos ó Concello de Vigo e ó Consorcio da Zona Franca. As asignacións efectuaranse en proporción ó importe das aportacións efectuadas.

Art. 5.- Atribucións.

1.- O Consorcio, para a execución do fin sinalado, poderá desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Elaboración e tramitación dun Plan de Actuación que defina as directrices da política a seguir, a programación dos obxectivos e a supervisión dos correspondentes proxectos.
- b) Realizar cantos contratos ou convenios con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sexan precisas para o desenvolvemento dos seus fins.
- c) A captación de cantos recursos económicos sexan necesarios para a financiación das actividades e plans propios do Consorcio.
- d) Dentro da esfera das súas competencias poderá exercer a potestade tributaria referida ó establecemento de taxas, Asemesmo poderá fixar prezos públicos.
- e) Calesquera outras que, con suxección á lexislación vixente, podan garanti-lo cumprimento do fin sinalado.

2.- O Consorcio, para a consecución do fin asignado, ademais de resultar beneficiario das expropiacións que a súa instancia instrua o Concello de Vigo, poderá realizar toda clase de actos de xestión e disposición: adquirir, enaxenar, posuir, reivindicar, permutar, gravar e hipotecar todo tipo de bens; aceptar legados e donacións; obrigarse e celebrar contratos de calquera natureza; concertar créditos; executar accións e interpoñer recursos de toda clase, todo elo dentro dos límites e con suxección ós presentes Estatutos e ó ordenamento xurídico vixente.

3.- As actuacións desenvolveranse baixo os principios de eficacia e eficiencia e baixo os criterios de economía e racionalidade no gasto. Nos Plans de Actuación a desenvolver e nos Orzamentos considerárase a recuperación das inversións efectuadas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Art. 6.- Duración

1.- Sen prexuízo do disposto nestes Estatutos sobre a súa disolución, o Consorcio constitúese por un tempo de seis anos que poderá ser prorrogado en virtude do Convenio de Colaboración interadministrativo que con ese fin subscriban os entes consorciados dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución por transcurso do prazo legal de existencia que comezará ó día seguinte ó da publicación destes Estatutos no Diario Oficial de Galicia.

2.- Unha vez rematadas tódalas actuacións, a finalidade do Consorcio e do conveniado entenderase cumprida e procederase a súa disolución. Será

competencia de cada ente consorciado a xestión ou adxudicación dos edificios, locais ou vivendas resultantes en función do seu uso e en proporción ás aportacións feitas.

Art. 7.- Domicilio

O Consorcio fixa a súa sede na cidade de Vigo e o seu domicilio provisional na Casa Consistorial do Concello sen prexuízo de que o Consello de Administración o localice definitivamente dentro do ámbito territorial no que se levarán a cabo os fins previstos (Casco Vello).

Art. 8.- Membros.

1.- Como entidade de Dereito Público de carácter asociativo, o Consorcio o constitúen como membros fundadores as Administracións citadas no artigo 1 e que subscribiron o Convenio de creación, habendo quedado fixadas as súas aportacións para gastos ordinarios e de realización de plans ata a anualidade do **2009** nas contías recollidas en dito Convenio.

2.- A incorporación de novos membros realizaranse previa solicitude dos mesmos e aceptación pola súa parte das condicións de admisión que, no seu caso, o Consorcio estableza. Dita incorporación surtirá efecto unha vez que acepten fehacemente ditas condicións e estos Estatutos.

3.- Sen prexuízo do sinalado no artigo 38, os membros do Consorcio comprométese a mante-la súa participación no mesmo, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas.

Art. 9.- Coordinación interadministrativa.

No exercicio das súas funcións, o Consorcio procurará en todo momento a coordinación das súas actuacións coa Administración Municipal do Concello de Vigo e cos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma en materia de Vivenda ou cos organismos autónomos ou entes públicos dependentes ou vinculados a estas Administracións, todo elo co fin de logra-la maior coherencia e eficiencia nas actuacións que leven a cabo.

TITULO II

Organización e réxime xurídico

CAPITULO PRIMEIRO

Organización.

Art. 10.- Órganos.

A estrutura organizativa do Consorcio a constitúen os seguintes órganos:

- a) Presidencia do Consorcio
- b) Consello de Administración
- c) Consello Consultivo
- d) Xerencia
- e) O Comité Executivo, no caso da súa creación

Sección Primeira. Presidencia e Vicepresidencia do Consorcio

Art. 11.- Designación.

1.- A Presidencia do Consorcio terá carácter rotativo e terá unha periodicidade bienal. A designación do Presidente polo Consello efectuarase a proposta dos representantes do ente público ó que corresponda á Presidencia. En primeiro lugar a ostentará o Excmo. Concello de Vigo, a continuación o Consorcio da Zona Franca e finalmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo. En todo caso a Presidencia debe recaer nun membro do Consello.

2.- Actuará como Vicepresidente un representante no Consello do ente consorciado a quen lle corresponda ostenta-la Presidencia no seguinte periodo bianual.

Art. 12.- Atribucións do Presidente

Corresponde ó Presidente do Consorcio exercer-las seguintes atribucións:

- a) Presidir-las reunións do Consello de Administración, ordena-la convocatoria das súas sesións, fixa-la orde do día e dirixi-las deliberacións.
- b) Representar legalmente ó Consorcio nos actos, convenios e contratos en que éste interveña, así como ante toda clase de entidades, persoas públicas ou privadas, autoridades, xulgados e tribunais, confirindo os apoderamentos que sexan necesarios.
- c) Velar polo exacto cumprimento dos preceptos dos Estatutos, dos acordos adoptados polo Consello de Administración e, en xeral, das normas legais aplicables en cada caso.
- d) Exercer, nos casos de urxencia, as accións xudiciais e administrativas precisas para a defensa dos dereitos do Consorcio, dando conta ó Consello de Administración na primeira sesión que teña lugar.
- e) Autorizar e dispoñer-las gastos correntes incluídos no Orzamento ata o límite máximo que se determine nas Bases de Execución do Orzamento en cada exercicio. Acepta-las subvencións, dando conta ó Consello de Administración. Actuará como órgano de contratación naqueles contratos cuxo prezo non supere os 60.000 €.
- f) Recoñecer e liquidar obrigas e ordenar pagos.
- g) Aprobar transferencias e as xeracións de créditos nas contías que determine o Consello de Administración.
- h) Aproba-la liquidación do Orzamento e a incorporación de remanentes.
- i) Inspecciona-las servizos do Consorcio e exerce-la alta xefatura administrativa.
- l) Autorizar, co seu visto bo, as actas das reunións, as certificacións e as contas e inventarios de bens.
- m) Ademais das enunciadas asumirá aquelas outras competencias que non estean expresamente atribuídas a outros órganos polos presentes Estatutos.

Art. 13.- Atribucións do Vicepresidente

O Vicepresidente substituirá ó Presidente na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia ou enfermidade. Asimesmo, o Vicepresidente asumirá as atribucións da Presidencia que con carácter temporal ou permanente lle sexan expresamente delegadas polo Presidente.

Sección Segunda. Consello de Administración.

Art. 14.- Función e Composición.

1.- O Consello de Administración é o órgano Colexiado superior que goberna e dirixe o Consorcio e establece as directrices de actuación do mesmo.

2.- O Consello de Administración estará composto por representantes das entidades consorciadas, con arranxo á seguinte distribución:

- a) Tres representantes do Consorcio da Zona Franca de Vigo elexidos polo seu Comité Executivo.
- b) Tres representantes do Instituto Galego de Vivenda e Solo designados polo seu Presidente.
- c) Tres representantes do Concello de Vigo elexidos polo Pleno.

3.- As entidades consorciadas designarán ós suplentes dos seus representantes no Consello de Administración, quen substituirán ós titulares en caso de inasistencia.

4.- Asistirán con voz pero sen voto ás sesións do Consello de Administración o Xerente, o Secretario e Interventor do Consorcio, así como as persoas que, a xuízo do Presidente, conveña oír nalgún asunto concreto.

5.- O cargo de conselleiro non será retribuído, sen prexuízo das indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos Colexiados que o Consello de Administración poida determinar.

Art. 15.- Competencias do Consello de Administración.

1.- Corresponde ó Consello de Administración, exercer-las seguintes competencias:

- a) Exerce-lo goberno e a dirección superior de tódolos servizos do Consorcio.
- b) Aprobar inicialmente e propoñer ás Administracións consorciadas as modificacións dos Estatutos do Consorcio e das aportacións dos seus membros.
- c) Aproba-la incorporación de novos membros do Consorcio así como a separación e a fixación das súas aportacións, establecendo as condicións en que deberá levarse a cabo dita incorporación e separación.
- d) Aproba-la proposta dirixida ás Administracións consorciadas para a disolución do Consorcio.
- e) Aproba-lo Orzamento anual do Consorcio, os plans e programas de actuación, inversión e financiación e a adxudicación ós distintos entes consorciados das unidades constructivas rehabilitadas.
- f) Aproba-las contas anuais previstas na lexislación vixente.
- g) Aproba-la estrutura organizativa dos servizos do Consorcio en razón das necesidades da xestión derivadas dos obxectivos establecidos para a consecución dos fins do Consorcio.
- h) Contratar Xerente, así como determina-las condicións para a prestación dos seus servizos, a proposta do Presidente.
- i) Aproba-la plantilla de persoal e a relación de postos de traballo existentes na súa organización, as bases das probas para a selección de persoal, os concursos de provisión de postos de traballo e a oferta de emprego do Consorcio, todo elo de conformidade coa normativa vixente.

- l) actuar como órgano de contratación naqueles contratos cuxo prezo supere os 60.000 €.
- m) Autorizar e dispoñer gastos dentro dos límites orzamentarios determinados nas Bases de Execución do Orzamento anual.
- n) Recibir, facerse cargo e administrar, coas limitacións que a lexislación vixente estableza, os bens do Consorcio, así como os procedentes de legados ou donacións.
- ñ) Adquirir e enaxenar toda clase de bens mobles e inmobles.
- o) Aproba-lo exercicio de toda clase de accións administrativas e xudiciais.
- p) Concertación de operacións de crédito a medio e longo prazo, así como operacións de tesourería.
- q) Establece-las indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do Consorcio.

2.- Para maior axilidade na xestión, o Consello de Administración poderá crear no seu seo un Comité Executivo, a quen poderá delega-las facultades que determine, debendo concretar no acordo de creación a súa composición e réxime de organización e funcionamento.

Sección Terceira. Consello Asesor.

Art. 16.- Composición do Consello Asesor.

1.- O Consello Asesor estará integrado por tres membros designados polo Consello de Administración a proposta das organizacións ou Administracións que representen sen que sexa posible delegación nin suplencia en ningún deles. Estas organizacións deberán ter competencia ou experiencia en materia de rehabilitación de edificios, xestión de inmobles, patrimonio histórico ou actividades similares.

O Consello de Administración designará ó Presidente de entre os membros indicados anteriormente.

2.- O Consello de Administración no momento de designación dos compoñentes do Consello Asesor concretará o réxime de funcionamento das sesións de dito Consello e o seu réxime de adopción de acordos.

3.- O cargo de membro do Consello Asesor non será retribuído, sen prexuízo do disposto no art. 14.1.q).

Art. 17.- Funcións do Consello Asesor.

O Consello Asesor actuará como órgano consultivo do Consorcio, correspondéndolle as seguintes atribucións:

- a) Informa-los convenios que vaian a subscribirse.
- b) Informa-los plans anuais de actuación.
- c) Emitilo seu informe sobre calesquera outras materias que lle someta o Consello de Administración.

Sección cuarta.- Xerencia do Consorcio.

Art. 18.- Xerente

1.- Corresponde ó Consello de Administración, contratar ó Xerente do Consorcio así como aproba-lo contrato de traballo que especificará o réxime xurídico ó que queda sometido.

2.- O cargo de Xerente do Consorcio deberá recaer sobre persoa técnica e cualificada.

3.- A retribución do Xerente do Consorcio será establecida polo Consello de Administración ó aproba-lo contrato de traballo correspondente.

Art.- 19.- Funcións e atribucións.

1.- O Xerente dirixe a xestión e administración do Consorcio sobre a base das directrices establecidas polo Consello de Administración e polo seu Presidente en execución daquelas.

2.- Corresponde ó Xerente exercer-las seguintes atribucións:

- a) Elabora-la proposta de estrutura organizativa do Consorcio, de conformidade coas necesidades que se deriven dos obxectivos establecidos polo Consello de Administración.
- b) Elabora-las propostas de plantilla do Consorcio, as bases das probas para a selección de persoal e concursos de provisión de postos de traballo, de oferta de emprego do Consorcio, de adscrición ó mesmo dos funcionarios de carreira das Administracións consorciadas e a contratación de persoal laboral temporal no caso de necesidade. Así mesmo corresponderalle o exercicio de todas aquelas competencias que fagan referencia a retribucións, xornada de traballo, réxime de incompatibilidades e disciplinario e cese do persoal dependente do Consorcio, que deberán ser ratificadas polo Consello.
- c) Elaborar, previa negociación coa representación dos traballadores ó servizo do Consorcio, os documentos que servan de base para establecer-las condicións de traballo mediante acordos e convenios colectivos, de conformidade co que establezan as Leis orzamentarias para cada ano, así como o previsto na lexislación administrativa e laboral aplicable debendo someterse á aprobación do Consello de Administración.
- d) Elaborar, asistido do Interventor, o proxecto de Orzamento anual do mesmo.
- e) Elaborar, asistido do Interventor, os plans e propostas de actuación, inversión e financiación.
- f) Formar, xunta coa Intervención, as contas anuais.
- g) Prepara-la Orde do Día do Consello e formular propostas de acordos ó Consello de Administración e de resolucións ó Presidente do mesmo nos asuntos correspondentes á execución e desenvolvemento dos plans e programas de actuación, inversión e financiación, así como do Orzamento anual. Executa-los acordos do Consello.
- h) Ostenta-la xefatura inmediata do persoal.
- i) Velar polo cumprimento das normas legais aplicables en cada caso á actividade do Consorcio.
- l) Autorizar aqueles pagos e cobros que se atopan dentro do seu ámbito competencial segundo os límites sinalados polo Consello.
- m) Representar ó Consorcio ante entidades públicas e privadas ós exclusivos efectos de dar curso á tramitación administrativa ordinaria:

- n) Adquirir maquinaria, productos ou mercaderías, fixando os seus prezos, condicións e forma de pago, sempre dentro dos límites fixados polo Consello.
- ñ) Celebrar, prorrogar e rescindir contratos mercantís, civís e administrativos cuxo importe non sobrepase o límite establecido polo Consello de Administración, que en ningún caso poderá supera-la cantidade de 60.000 €.
- o) Abrir e dispoñer, coa asistencia do Interventor, de contas correntes en entidades financeiras, firmando recibos e cheques ata o valor fixado polo Consello, sendo necesaria para valores superiores a sinatura conxunta do Presidente do Consorcio e Interventor.
- p) Autoriza-lo cobro e pago de cantidades en metálico nos termos e límites que fixe o Consello e facer ofrecemento, consignacións e compensacións.
- q) Todas aquelas atribucións que lle confiran ou deleguen o Consello de Administración ou o seu Presidente.

Sección Quinta.- Outros órganos e medios persoais.

Art. 20.- Secretario e Interventor.

1.-Co fin de asegurar unha correcta xestión xurídico-administrativa e económico-financieira, o Consorcio contará cunha Secretaría Xeral e unha Intervención Xeral, funcións que poderán ser desempeñadas indistintamente polo mesmo posto de traballo no suposto que así o prevexa a relación de postos de traballo. Corresponde á primeira as funcións de fe pública e de asistencia e asesoramento xurídico dos órganos do Consorcio ademais das previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Á Intervención Xeral coresponderalle a función interventora, de auditoría contable e de manexo e custodia de fondos, valores e demais efectos. Os postos mencionados desempeñaranse por Funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

2.- No suposto de que o posto ou postos reservados ós funcionarios citados non podan proverse polo sistema normal de concurso de méritos o Consello de Administración poderá propoñer á Consellería competente con observancia dos principios de mérito, capacidade e publicidade o nomeamento interino de persoa ou persoas que esten en posesión da titulación esixida para o acceso á subescala e categoría á que o posto ou postos pertencen.

Art. 21.- Persoal

1.- O Consorcio poderá dispor de persoal propio, que se rexerá, sen prexuízo do sinalado para os postos de Secretario e Interventor, pola lexislación laboral vixente nos termos previstos no ordenamento xurídico.

2.- Non obstante, as labores do Consorcio poderán ser realizadas polo persoal das Entidades e Administracións integrantes do mesmo, mediante as fórmulas de colaboración ou adscrición que en cada caso se acorden.

CAPITULO SEGUNDO Funcionamento e réxime xurídico

Sección Primeira. Réxime de funcionamento

Art. 22.- Réxime de sesións.

1.- As sesións do Consello de Administración do Consorcio poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, terán lugar no domicilio do Consorcio e non terán carácter público.

2.- Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida, fixándose a mesma mediante acordo do Consello de Administración adoptado na sesión constitutiva deste. Celebrarase sesión ordinaria, ó menos catro veces ó ano, con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais e da Memoria de xestión económica e do balance de actividade. As sesións ordinarias convocaranse, ó menos, con dous días hábiles de antelación.

3.- Son sesións extraordinarias as que se convocan polo Presidente, con tal carácter, a iniciativa propia ou a solicitude **da carta parte** dos membros do Consello de Administración. As sesións extraordinarias convocaranse, ó menos, con dous días hábiles de antelación.

4.- Son sesións extraordinarias de carácter urxente as convocadas polo Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permitan convocar sesión extraordinaria coa antelación citada no parágrafo anterior.

Art. 23.- Convocatoria

As convocatorias correspondentes ás sesións ordinarias e extraordinarias do Consello de Administración do Consorcio cursaranse de orde do Presidente do mesmo, irán acompañadas da orde do día da acta anterior e sinalarán o día e a hora da primeira e segunda convocatorias, debendo mediar, entre ésta e aquela, un prazo mínimo dunha hora.

Art. 24.- Quórum.

1.- O Consello de Administración quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando concurren ó mesmo o Presidente e o Secretario, ou quen legalmente lles substitúan, e, ó menos, a metade dos membros do Consello con dereito a voto.

2.- En segunda convocatoria quedará validamente constituído cando asistan o Presidente e o Secretario, ou quen legalmente lles substitúan, e ademais un tercio dos vocais con dereito a voto.

3.- O Consello de Administración poderá reunirse válidamente sen necesidade de previa convocatoria cando se atopen presentes a totalidade dos seus membros e así o acorden expresamente, requiríndose, asimismo, a presenza do Secretario.

4.- Nas sesións ordinarias poderán adoptarse acordos sobre asuntos non incluídos na Orde do Día cando así o solicite algún membro por razóns de urxencia, e se aprobe a urxencia pola maioría absoluta do número legal de votos do Consello.

Art. 25.- Actas

1.- Levarase un Libro de Actas das sesións, donde se consignará, en cada acta, o lugar, día e hora en que comeza a sesión, os nome e apellidos do

Presidente e asistentes, os asuntos sometidos a deliberación e os acordos adoptados, así como o sentido das votacións.

2.- As actas serán autorizadas coa sinatura do Secretario e o Visto e Prace do Presidente.

3.- Ademais do libro de actas do Consello de Administración, existirá un libro de actas por cada órgano colexiado, así como un libro de resolucións do Presidente e do Xerente, cuxa responsabilidade na súa levanza corresponderá ó Secretario.

Art. 26.- Adopción de acordos.

1.- O Consello de Administración adoptará os seus acordos por maioría simple do total de votos, dirimindo os empates o Presidente con voto de calidade previa unha nova votación.

2.- É necesario o voto unánime dos membros do Consello para a adopción dos acordos nas seguintes materias:

- a) Proposta de modificación dos Estatutos.
- b) Integración ou separación de membros no Consorcio e determinación das condicións en que debe realizarse.
- c) Proposta de disolución do Consorcio e os acordos referentes a súa liquidación.
- d) Aprobación dos Plans de Actuación e dos Orzamentos.
- e) A contratación e designación do Xerente.
- f) Alleamento de bens pertencentes ó Consorcio cando a súa contía exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento anual.

Art. 27.- Eficacia dos acordos.

As decisións e acordos do Consorcio obrigan ás Administracións consorciadas. Os acordos e Resolucións do Consorcio deben publicarse ou notificarse na forma prevista na lexislación aplicable na materia.

Sección Segunda. Réxime xurídico.

Art. 28.- Actos do Consorcio

1.- En canto Administración Pública, o réxime xurídico dos actos do Consorcio suxetarase ás disposicións da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, e as demais normas administrativas de alcance xeral.

2.- A súa contratación e a xestión do seu patrimonio levaranse a cabo de conformidade co Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e pola Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Art. 29.- Recursos e reclamacións.

1.- Os actos de tódolos Órganos do Consorcio esgotan a vía administrativa, excepto os dictados polo Xerente no exercicio das súas competencias, que poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Consello de Administración.

Tamén poderán ser susceptibles de recurso de reposición ante o órgano delegante os actos dictados polos órganos no exercicio de competencias delegadas.

2.- A reclamación previa á vía xudicial civil ou á laboral dirixirase ó Presidente do Consorcio, a quen corresponderá a resolución da mesma.

TITULO III Patrimonio e Réxime económico-financieiro

CAPITULO PRIMEIRO Patrimonio

Art. 30.- Patrimonio.

1.- O patrimonio do Consorcio estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lle pertenzan.

2.- Este patrimonio poderá ser incrementado polos bens e dereitos que poden ser adquiridos polas entidades consorciadas, afectándoos ós fins do Consorcio, e polos adquiridos polo propio Consorcio en calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.

3.- Quedarán afectos ós fins do Consorcio os bens que se designen polas Administracións e Entidades consorciadas con arranxo ó previsto no Convenio Fundacional, así como calesquera outros que poidan poñerse a disposición do Consorcio con posterioridade.

CAPITULO SEGUNDO Facenda

Art. 31.- Composición

1.- A Facenda do Consorcio estará constituída por:

- a) A aportación inicial das Administracións consorciadas na proporción e as contías recollidas no Convenio Fundacional.
- b) As aportacións futuras que con destino a inversións e gastos correntes fagan, no seu caso, os entes consorciados.
- c) As aportacións dos entes que se incorporen ó Consorcio como membros de pleno dereito ó mesmo.
- d) As aportacións e subvencións, auxilios e donacións doutras entidades públicas ou privadas.
- e) As rendas, produtos de intereses dos bens mobles, inmobles, dereitos reais, créditos e demais dereitos integrantes do Patrimonio do Consorcio.
- f) Os ingresos procedentes das taxas e prezos públicos que se liquiden en exercicio da potestade tributaria.
- g) Calquera outros rendementos que lle corresponda percibir.

2.- A Facenda do Consorcio responderá das obrigas e débedas contraídas polo mesmo.

3.- No caso de que algún dos entes consorciados incumpra as súas obrigas financeiras para co Consorcio, o Consello de Administración procederá a

requiri-lo seu cumprimento. Se pasado o prazo de un mes dende o requerimento non se houberan realizado as aportacións previstas, o Consello de Administración, oído o ente público afectado, poderá proceder a suspendela da súa participación no Consorcio, cos efectos que no acordo de suspensión se determinen.

Art. 32.- Contabilidade

O Consorcio levará o mesmo sistema de contabilidade que rexe para as Administracións Públicas, con independencia de que o Consello de Administración puidera establecer outras formas complementarias para o estudio de rendimento e produtividade.

CAPITULO TERCEIRO Orzamento

Art. 33.- Aprobación anual

1.- O Consorcio disporá anualmente dun Orzamento propio, cuxo proxecto será elaborado polo Xerente, asistido do Interventor do Consorcio, que será aprobado polo Consello de Administración.

2.- En tanto o Consorcio conte con financiación maioritaria a cargo do Consorcio da Zona Franca de Vigo aplicaráselle o seu réxime orzamentario, as disposicións atinentes ás entidades públicas empresariais contidas na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

TITULO IV Fiscalización e control

Art. 34.- Competencia

As Administracións Consorciadas correspóndelle, no exercicio das súas propias competencias, a alta inspección das xestión desenvolta polo Consorcio.

Art. 35.- Memoria

1.-O Presidente do Consorcio presentará anualmente, no primeiro trimestre do ano, ó Consello de Administración a Memoria de Xestión Económica e do Balance de Actividade.

2.- O Consello de Administración, unha vez aprobada a Memoria da Xestión Económica e do Balance de Actividade, dará coñecemento desta ás Administracións consorciadas.

Art. 36.- Fiscalización

A actividade económico-financieira do Consorcio está suxeita ás actuacións de control interno e externo nos termos establecidos na lexislación aplicable.

O control interno será exercido pola Intervención do Consorcio e revestirá as modalidades de función interventora e de control financeiro e de calidade.

TITULO V
Modificación e disolución do consorcio

Art. 37.- Modificación

1.- A modificación destes Estatutos, previo acordo do Consello de Administración co quórum establecido nos presentes Estatutos, haberá de ser aprobada polas entidades consorciadas segundo os trámites establecidos na lexislación aplicable.

Art. 38.- Disolución

1.- O Consorcio disolverase por algunha das causas seguintes:

- a) Pola transformación do Consorcio noutra entidade, por acordo do Consello de Administración, aprobado polos Entes Públicos consorciados.
- b) Por calquera outra causa e xustificado interese público sempre que o acorden os Entes Públicos consorciados.
- c) Polo transcurso do seu prazo legal de existencia.

2.- O acordo de disolución determinará a forma en que haxa de procederse á reversión das obras e instalacións existentes ás entidades consorciadas que as aportaron ou puxeron a disposición. O reparto do patrimonio resultante da actividade propia do Consorcio entre os entes consorciados efectuarase en proporción ó importe das súas aportacións.

3.- O reparto realizarase a proposta dunha Comisión Liquidadora designada polo Consello que presentará un proxecto de liquidación que ademais de contemplar a realización dos créditos acreedores e a liquidación dos debedores asignará a cada ente consorciado as vivendas e locais das edificacións adquiridas e rehabilitadas.

Art. 39.- Separación de membros

1.- A separación dalgún membro do Consorcio só poderá realizarse cando se atope ó corrente no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores e garantice o cumprimento das obrigas pendentes.

2.- Manifestada a vontade de separación pola Entidade Consorciada, o Consello de Administración procederá a designar unha Comisión Liquidadora que, atendendo ás posibles perturbacións nas actividades do Consorcio que dita separación pode producir, propondrá ó Consello de Administración as condicións e efectos da separación.

3.- O Consello de Administración, oída a proposta da Comisión Liquidadora, aprobará a separación do Ente Consorciado nas condicións e cos efectos que en dito acordo se determinen, notificándose á Entidade interesada a efectos da súa aprobación por ela.

A separación surtirá efectos dende o día seguinte á adopción do acordo aceptando as condicións e os efectos de dita separación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Mentres non se proceda polo Consello de Administración á designación das persoas que desempeñarán os postos de Secretaría e Intervención realizarán esas funcións o Secretario do Pleno e a Interventora do Concello de Vigo.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Barros Puente.

13.- (15).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA A AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS PAÍSES ASIÁTICOS AFECTADOS POLO TSUNAMI.

Durante o transcurso do debate deste punto se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Barros Puente.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 3 de xaneiro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"A catástrofe ocorrida en Asia, cunhas cifras que prevén máis de 200.000 mortos (douscentos mil) teñen conmocionado a todas as xentes sen distinción.

E hai opinións que indican que o peor aínda está por vir, en forma de epidemias e fame sen conto. A ONU fala de 2.000.000 (dous millóns) de posíbeis afectados en situación absolutamente miserenta.

Unha circunstancia de tal magnitude abraia a calquera persoa cunha mínima sensibilidade e sentido da solidariedade, sentimentos que na miña opinión teñen os vigueses. Por iso, e con independencia das axudas que prevexan os organismos internacionais e mailos gobernos de España e de Galicia, xa que todas as axudas serán insuficientes, o Concello de Vigo debe intervir con decisión no nome dos nosos veciños.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que no nome de Vigo o Goberno Municipal canalice, a través da vía que considere máis conveniente, as axudas económicas para os afectados polo tsunami do sueste asiático de:

- A dotación económica prevista para investir nas festas de Vigo do ano 2005.
- A metade da previsión orzamentaria para publicidade e propaganda no ano 2005.

2.- Que se faga unha especial chamada ós vigueses para que aporten as axudas que lles sexan posíbeis a través dos medios que estimen máis convenientes, incluídos os que o propio Concello poña ó seu dispor.

3.- Que o Goberno Municipal traslade esta iniciativa á FEGAMP coa petición de que iniciativas iguais ou similares a esta se leven á práctica polos Concellos galegos."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Como esta moción xa se difundiu e tentamos unha emenda que non se aceptou polo Goberno municipal para introducir o seu contido económico nos Orzamentos, voules aferrar moitas explicacións.

Hai ideas e concepcións que semellan boas ou non. Ó Partido Galeguista seméllalle ben que diante da catástrofe que se deu, unha das maiores da historia da humanidade sen ningunha dúbida e non só polo que acaeceu, senón polo que vai acaecer en forma de epidemia xa que segundo a ONU vai haber máis de dous millóns de persoas afectadas, coido que os vigueses ben poderíamos prescindir das festas de Vigo para axudar a que deixen de morrer moitísimas persoas.

É unha idea, é nosa e querémola defender ata as últimas consecuencias. O último día falabamos da posibilidade de se se podería tratar nunha comisión paralela ou non, posto que hai unha comisión de axuda ó terceiro mundo na Xunta de Galiza.

Nós queremos manter a votación da nosa moción e se se aproba ben pero en todo caso si nos parecería ben que fora a esa comisión porque deberían ser, coma nós pedimos noutro lugar da moción, tamén os Concellos galegos os que tomasen decisións sobre esas ou outras ideas parecidas, pero en todo caso nós imos manter a moción. Gracias.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: No Grupo municipal do BNG estamos de acordo nos termos globais, pero queremos presentar unha emenda ó primeiro punto onde o Sr. Soto propón que a dotación económica prevista para investir nas Festas de Vigo no ano 2005 pase a seren donada para os afectados do tsunami. Nós non estamos de acordo nese punto porque coidamos que as Festas de Vigo teñen que ter o seu investimento e que dende o Concello se deben potenciar.

A nosa emenda sería que o Goberno municipal no nome de Vigo canalice a través do Consello de Cooperación Internacional as axudas para os afectados

pero que non se saquen das Festas de Vigo, que en tal caso se saquen dunha partida orzamentaria destinada a tal fin.

Outra emenda sería que no punto 3 se diga que se convoque o Consello Municipal de Cooperación Internacional e que dende aí se articule o xeito de canalizar as axudas.

SRA. SIO LOURIDO: Nós tamén estamos de acordo co fondo da moción pero igualmente queremos presentar unha emenda ó punto primeiro.

Cando se aprobaron os Orzamentos o Sr. Guerra anunciou a creación dunha partida extraordinaria de 60.000 euros para este tema. Nós coidamos que é insuficiente e que isto se debe vehiculizar, coma di a Sra. Méndez, a través dunha partida extraordinaria dedicada a ese fin por parte do Concello. De onde se saquen os fondos é unha cuestión que ten que decidir o Goberno municipal, pero non nos semella correcto que se fixe de antemán de onde se deben sacar.

Por suposto que estamos de acordo co punto segundo e coido que xa se fixo algo nesta dirección; si queremos que se traslade a todos os municipios galegos a través da FEGAMP ou a través do Fondo Galego de Solidariedade Internacional que xa o está a facer.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: En relación con este tema xa no Pleno onde se estudaron os Orzamentos se comentou que este ano de xeito extraordinario se ían incrementar as partidas destinadas a cooperación internacional. As partidas do proxecto de Orzamento incrementáanse de 60.000 a 130.000 euros, é dicir máis dun 88% das partidas destinadas a esta finalidade incrementáanse de xeito moi importante; hai que ter en conta que cando se creou este fondo era de 60.000, incrementouse só en 10.000 euros e este ano faise en 60.000 euros.

Á parte do antedito o Concello de Vigo xa iniciou actividades en colaboración con UNICEF para iniciar unha campaña de sensibilización e dinamización a nivel local que terá coma colofón unha marcha solidaria o día 6 de marzo, na que espero que todos colaborem e na que vai participar a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo". Teño aquí o cartel que deseña esta campaña de sensibilización que rematará con esa marcha o día 6 de marzo.

Por iso coidamos que dende o Concello de Vigo se está a cumprir esa finalidade e obxectivo de colaborar coas persoas afectadas polo tsunami e sobre todo destinando as axudas ás persoas que puideron seren máis danadas

que son os nenos, por iso a colaboración dende o Concello cunha Axencia das Nacións Unidas coma é UNICEF, xa que son os nenos as persoas que máis sofren estes desastres naturais e repito que por iso o Concello de Vigo xa iniciou esta campaña nos medios de prensa e radio coa finalidade de que os vigueses colaboren nesta situación. O propio Concello tamén vai colaborar aportando desa partida que se incrementa nun 38%, perto de 30.000 euros e máis dos orzamentos que se aproben a este obxectivo de colaboración con UNICEF para atender ás necesidades que xordan no sureste asiático por mor deste desastre natural.

SR. SOTO FERREIRO: Non sei ben coma define o diccionario as verbas "caridade" e "solidariedade" pero se eu as tivera que definir polo concepto social que se ven mantendo dende hai anos, a min dame a impresión de que caridade é dar o que sobra e solidariedade é compartir o que se ten; non sei se é unha definición etimolóxica respecto ó diccionario ou non pero tradicionalmente sona a iso.

A min dame a impresión, señores dos tres Grupos municipais, que vostedes están propoñendo caridade (coidado, que a caridade é un valor positivo). Están propoñendo e dicindo que aumentan a partida (que polo que vexo e escoito seméllalle moi ben ó Partido Socialista) en 60.000 euros que era máis ou menos o que había. Fantástico. Se vostedes están a gusto con que diante desa traxedia o Concello dea 10 millóns de pesetas que é o que normalmente viña dando xa para cooperación internacional, pois nada, é o seu criterio. Non se corresponde en absoluto co noso e polo tanto non aceptamos a súa emenda. Voten o que coiden oportuno.

A intervención do Bloque non é exactamente así pero non deixa de seren parecida.

Se eu falei das festas non é porque sexa contrario á celebración das festas, a min seméllanme moi ben as festas, ademais debe de habelas porque en xeral os vigueses merecemos ter festas e polo tanto comprendo a súa preocupación. Non sei se estivemos atinados pero eliximos as festas porque pensamos que é un gasto que se pode calificar de superfluo, ó mellor non é superfluo asfaltar rúas, facer xardíns, ou acondicionar luces, ou tantas cousas na cidade, pero o feito das festas por moito que sexa bo e conveniente si me parece un gasto superfluo. Se a min me falan doutro gasto superfluo (por iso falaba tamén de parte da partida de publicidade e propaganda) non teño ningún inconveniente en que en troques dun gasto

superfluo sexa outro pero ese era o criterio que quería defender e o que imos defender ata as últimas consecuencias.

Sra. Méndez, con respecto, a que pase á Comisión de Cooperación Internacional dicirlle que non existe no Concello, non funcionou xamais e que eu saiba a única que hai é a nivel galego. En calquera caso non me importaría que a través dunha Comisión de cooperación, sexa municipal, galega ou de onde sexa, se vise a distribución dos fondos, cómo se dan, a qué países, qué tipo de axudas... Iso paréceme ben porque onde están as ONGs é onde hai especialistas que nos poden axudar e asesorar sobre o mellor xeito de enviar os cartos que destinásemos a axudas, niso estou totalmente de acordo. Se ese é o espírito da emenda o acepto ó 100%. O único que me preocuparía da súa emenda é se ma condiciona a nivel municipal porque insisto e xa o saben vostedes que hai anos que non se realiza esa xuntanza. Se é a outra eu acéptolle o espírito da súa emenda encantado.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Ó mellor non se entendeu pero no primeiro punto do que falabamos era do Consello Galego de Cooperación Internacional. Logo, como xa comentamos o outro día na Comisión, dicir que si existe o Consello Municipal de Cooperación e de feito o Sr. López-Chaves, que coido que estaba presente na Comisión, quedou de convocalo. Si existe e diso xa falamos un pouco na Comisión, comentamos precisamente que nesta lexislatura non se convocou.

SRA. SÍO LOURIDO: Eu quería clarexarlle tamén, Sr. Soto, que dixemos que 60.000 euros non eran suficientes, que precisaban máis aportación do Goberno, que se xa había unha partida extraordinaria, como dicía o Sr. Guerra, que se podía incrementar porque non nos semellan suficientes os 60.000 euros, coidamos que a partida se debe incrementar pero é o Goberno quen ten que decidir de ónde se sacan eses gastos superfluos e non nós.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dúas cousas, a Comisión de Cooperación Internacional non se convocou porque antes o Concello de Vigo incorporouse ó Fondo Galego de Cooperación Internacional que se creou precisamente para agrupar a todos os Concellos de Galiza coa finalidade de que o destino do Fondo se incrementase porque, por exemplo en canto á planta potabilizadora, o Concello de Vigo só non podía acadar o seu financiamento, por iso agrupáronse no Fondo os Concellos galegos, patrocínouse pola FEGAMP e Xunta de Galiza e o que fixo o Concello de Vigo, polas novas que teño, foi

incorporarse nese Fondo Galego de Cooperación e xa non convocar a Comisión de Cooperación Internacional que era a que antes distribuía as cantidades. Agrupar as cantidades é mellor porque os proxectos poden ser máis amplos e por iso se incorporou este Concello ó Fondo Galego e por iso non se voltou reunir a Comisión de Cooperación Internacional, pero isto dende hai bastantes anos.

En canto á outra aportación, penso que tamén existe a posibilidade que dos fondos que o Concello de Vigo entrega ós Grupos municipais se faga unha aportación, que exista unha reunión dos distintos Grupos e que tamén se estuden as cantidades que se poden aportar coa finalidade de incrementar esa contía de 130.000 euros con ese obxectivo de contribuir á aportación e á atención das necesidades que xorden no sureste asiático co tema do tsunami.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. López-Chaves, acéptolle a súa proposta e propoño que a integridade da doazón ós Grupos municipais forme parte desa contía e de paso a metade dos soldos de todos. Quede coma proposta concreta, Sr. López-Chaves, que espero que vostede vote a favor inmediatamente, pero déixese de facer demagogia barata en temas de semellante seriedade. Vostede pode estar ou non de acordo coa proposta que se fai, pero non lle permito que a trivialice dese xeito tan desafortunado, Sr. López-Chaves. Pero xa sabe, en todo caso eu considérome sempre preso das miñas verbas.

Acepten vostedes propoñer toda unha partida igual á de Festas, máis a de todos os Grupos municipais, máis a metade dos soldos de todos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sinxelamente para dicir que dende o Grupo municipal do BNG si que non queremos facer demagogia deste tema e imos ver se somos claros, por favor.

Miren todos e todas, a solidariedade, a xenerosidade que se fai pública cacarexando a mil e un ventos e cacarexando ós medios de comunicación deixa de seren solidariedade, deixa de ser xenerosidade e convírtese en mera propaganda para quen a realiza.

Nós non imos caer na mera propaganda a conta de vítimas, dos mortos e de persoas que sofren. O Grupo municipal do BNG aportará o que queira aportar e individualmente aportaremos ás contas que xa están abertas no Fondo Galego de Solidariedade o que queiramos aportar, pero nunca o faremos público nin utilizaremos a propaganda para iso. Nada máis.

A PRESIDENCIA: Pasamos a votar a moción tal e como foi presentada ó non seren aceptadas as emendas.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, eu non teño moi claro a estas alturas da votación cal é exactamente a proposta do Grupo Socialista, nin exactamente cal é a proposta do BNG.

A PRESIDENCIA: Que as repitan. Vostede non aceptaba as emendas, quería que se votase a súa moción soa, ¿non é así?

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, pasa que logo de escoitar por segunda vez ó representante do BNG, vouno dicir en voz alta por se lle entendín ben porque se é así ese criterio si que o podo aceptar, é dicir, vostedes falaban de que pasara a debate á Comisión de Cooperación e falaban de que a partida non fose a de Festas, senón que fora dunha partida que se acordase, pero ¿a contía é a mesma que nós propoñemos? ¿a equivalente á partida de Festas?

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Nós o que propoñemos é que o Goberno municipal, que é quen ten que decidir ó respecto, saque dos Orzamentos e de ónde considere oportuno a cantidade que sexa. Á parte do que xa está definido nós non definimos unha contía, sinxelamente dicimos que sexa o Goberno municipal ou mesmo se acorde entre todos os Grupos para iso e que se saque dos Orzamentos. Nós o que non queremos é que se saque de onde vostede propón, Sr. Soto, que é das Festas.

A PRESIDENCIA: ¿Vostede está de acordo con esa proposta? Vótase tal e como está.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, trece abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Toba Girón, e dous votos a favor dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa a axudas económicas para os países asiáticos afectados polo tsunami, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (16).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE A PREVENCIÓN DE MAREMOTOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 19 de xaneiro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Da recente traxedia que ven de sufrir o sueste asiático compre deducir dúas conclusións: A primeira de solidariedade coas vítimas de tan colosal desastre, a materializar por todos coa maior urxencia e do mellor xeito posible. A segunda de análise técnica do sucedido, para podermos prever posibles circunstancias semellantes no futuro.

A moción que presentamos no seu día sobre o primeiro aspecto, sobre a solidariedade cos afectados (reiteramos que segundo a ONU a cifra de afectados e mortos por epidemias pode multiplicar por dez a terrorífica cifra dos douscentos mil mortos iniciais), marca unha liña de compromiso que oxalá asuman os demais.

O certo é que de solidariedade falamos todos, só que uns queremos realizala do mellor xeito posíbel, namentres que outros déixana soamente en boas palabras. Ou en moi boas palabras... e feitos insuficientes.

Sobre o segundo aspecto, sobre o relativo ás previsións pra precavermos posíbeis sucesos semellantes ós ocorridos no sueste asiático, compre tomar decisións adecuadas convenientes pra todos.

En primeiro lugar instalando os sistemas de alerta temporán máis avanzados que existen. E, ó mesmo tempo, tendo unha previsión organizativa das persoas que deberían estar máis directamente implicadas en labores de prevención (o uso do ensino parécenos básico neste eido) e de axuda diante deste tipo de desastres (hospitais, bombeiros, policía, persoal de protección civil, etc.)

Pra rematar dicir que enfronte de Portugal hai unha falla potencialmente perigosa que podería provocar algún desastre deste tipo (na historia está o maremoto que desfixo Lisboa no ano 1755), xa que, de ocorrer algo así, podería afectar ás costas galegas tamén. Non queremos causar ningunha clase de alarmismos e si que actuemos responsablemente a tempo por se chega o caso. Nós coidamos que máis vale escarmentar en cabeza allea e concordamos co que di aquel vello refrán: “máis vale prever ca lamentar”.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Dirixirnos ó Goberno de España pra que tome, o máis axiña posíbel, a decisión de instalar un sistema de prevención temprán de maremotos nas costas galegas, sen prexuízo de que se poidan tomar medidas similares noutras costas do Estado Español se se estima conveniente.

2.- Dirixirnos á Xunta de Galiza e ós partidos que están no Parlamento Galego, pra que tomen a decisión de apoiar a nosa solicitude de xeito que, a modo de previsión, se organicen debidamente no noso país os traballos encamiñados a paliar, en todo o posíbel, as consecuencias deste tipo de desastres.

3.- Que asemade, en función de todo o anterior, o Concello de Vigo asuma a responsabilidade de prever unha organización axeitada dos servizos que conveñan, por se algún día fose preciso."

A Comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: Xa non imos falar máis do tema do tsunami porque coido que é abondo desgraciado, pero hai un tema que si me preocupa e que ó mellor é remoto pero non hai que pensar que sexa absurdo que suceda aquí porque, por exemplo, as Azores son unhas illas volcánicas e se chega a ocorrer algo nas Azores esa grande ola chegaría de calquera xeito ás nosas terras, iso por descontado.

Hai poucos días, casualmente uns días logo de poñer eu esta moción, todos vimos o que ocorreu no Cantábrico e no norte da Coruña, que veu un mar de fondo algo anormal co que ninguén contaba e destrozou algún que outro porto, houbo algunha que outra desgracia. A xente realmente sabe que o mar é imprevisible.

Penso que hai que contar coa falla que hai fronte Portugal, coma todos sabemos fronte Lisboa hai unha falla importante no terreo e xa polo ano 1750 ou 1755 houbo un maremoto bastante desgraciado. Pensamos que non é moi desatinado que poida suceder aquí algo así.

Propoñemos dirixirmonos ó Goberno de España para que tome o máis axiña posible a decisión de instalar un sistema de prevención temprán de terremotos nas costas galegas, sen prexuízo de que se poidan tomar medidas similares noutras costas do Estado español.

Propoñemos dirixirmonos á Xunta de Galiza e ós partidos que están no Parlamento galego para que tomen a decisión de apoiar a nosa solicitude de xeito que, a modo de previsión, se organicen debidamente no noso país os traballos encamiñados a paliar en todo o posible as consecuencias de dito desastre.

O terceiro punto é que asemade, en función de todo o anterior, o Concello de Vigo asuma a responsabilidade de prever unha organización axeitada de servizos que conveñan por se algún día fose preciso. Gracias.

SR. COELLO BUFILL: Engadímonos ó punto 1 e 2 e sinxelamente explicitar no punto 3 que polo equipo de Goberno está previsto que no Plan de Emerxencia Municipal, o PEMU, por primeira vez se contemplen 60.000 euros para todo o que signifique a organización das emerxencias no municipio de Vigo. Esperemos que os Orzamentos teñan un final feliz e que poidamos iniciar inmediatamente esa prevención con esa partida orzamentaria. Moitas gracias.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Polo Lima e o Sr. Ruiz Cenicerros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, sobre prevención de maremotos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO ACADAR OS APOIOS PRECISOS PARA QUE OS VOOS DE BAIXO CUSTO OPEREN DENDE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 5 de xaneiro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Polo día no que estamos e polos malos tratos que Vigo non para de recibir, vou comezar esta moción do xeito que segue, a ver se así...:

"Queridos Reis Magos. Os vigueses somos xente traballadora e xenerosa que, malia iso, vimos sufrindo dende hai tempo unha marxinação escandalosa por parte dos Gobernos de España e da Xunta de Galicia.

Podería escribivros unha ringleira intermináble de reclamacións nosas que están na mente de todos, pero coido que o primeiro que precisamos é un cambio de talantes nalgús lugares.

Por iso vos pido encarecidamente que nos deades nos próximos comicios un Alcalde ou Alcaldesa que poña a Vigo como obxectivo real da súa defensa e

que teña capacidade para ser eficaz na consecución das moitas cousas que, debendo telas conseguido dende hai tempo, aínda non as temos.

Asemade pídovos tamén que nas próximas eleccións autonómicas rematedes coa abafante maioría que dende hai anos o PP ven empregando dende a Xunta de Galicia como un rolo esmagador das máis xustas aspiracións viguesas e do sur de Galicia (inda que tamén coas da Galicia do interior).

Tamén precisamos unha composición diferente do Parlamento Galego, xa que non ten sido, nin sería de seguir coa mesma composición, capaz de axudar a cambiar o mal estatus galego que padecemos.

Nós prometemos seguir a ser bos e conseguir minorar a falla de emprego que temos en Galiza, xa que obxectivamente somos quen máis e máis rapidamente o podemos facer.

Asinado: Os vigueses de boa fe"

O anterior ven a conto de que vimos de saber a última fazaña da Xunta de Galicia, xa que as compañías de baixo custo EasyJet e Ryanair van operar dende A Coruña e Santiago, respectivamente.

Segundo as miñas informacións, EasyJet comezará a operar dende A Coruña o próximo mes de marzo cun voo diario a Londres, namentres que Ryanair comezará a operar dende Santiago dende o próximo mes de Abril con dous voos diarios a Frankfurt e Londres.

Estas decisións poñen de relevo dúas cousas: A marxinación machucona e permanente coa que o Goberno da Xunta do PP trata a Vigo e ó sur de Galicia, e a incapacidade política da Sra. Alcaldesa de Vigo para defender con eficacia o que en xustiza nos corresponde (iso malia lería do "goberno amigo").

¿Será casualidade que o aeroporto de Peinador non para de medrar de xeito importante ano tras ano? O aeroporto de Vigo ten dúas condicións que superan, obxectivamente falando, ás do aeroporto da Coruña por exemplo. En efecto, o feito de que a maior concentración industrial de Galiza estea na Área Metropolitana de Vigo, no sur de Galicia, xunto con que o turismo das Rías Baixas ten ó Aeroporto de Vigo como referente da súa preferencias, fundamentalmente por proximidade xeográfica, serían suficiente motivo para que calquera institución imparcial galega apoiase primeiro a quen máis o precisa (a Área de Vigo), sen deixar por iso de atender logo a outras áreas.

Os vigueses debemos poñernos en loita de novo para que non nos despoxen, dende o PP galego coa complicidade silenciosa do PP vigués, do que en xustiza merecemos.

Non estamos a falar dun tema trivial porque as compañías de voos a baixo custo aportan moitos centos de milleiros de turistas ós lugares onde operan, polo que estamos a falar de gravísimos beneficios ou prexuízos (a empresarios e traballadores), para todo o sector turístico da Área Metropolitana de Vigo, coa hostalería como referencia principal.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Sra. Alcaldesa de Vigo se entreviste co Sr. Presidente da Xunta de Galicia para conseguir os apoios precisos de xeito que os vós a baixo custo comecen a operar inmediatamente dende Peinador."

A Comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Abondaría empezar polo final se non fose dicir con toda a rapidez do mundo que a verdade é que a moita xente e a moitos políticos nos molesta ter que falar da marxinación de Vigo, pero é tan evidente e permanente que non nos deixan outra.

Agora mesmo os voos de baixo custo van operar en Santiago e na Coruña, cousa que ó Partido Galeguista lle semella estupendo, pero que empecen a operar en dous aeroportos galegos e non no aeroporto de Vigo é unha discriminación intolerable e máis que empecen na Coruña (cousa que coidamos estupendo) cando se di que aquí hai problemas de horarios de aeroporto, que é certo porque AENA é absolutamente cicateira en dar mellores solucións neste eido, pero non é menos certo que os horarios do aeroporto da Coruña non son mellores que os de Vigo, ogallá que os teña mellores pero hoxe por hoxe non o son.

Non hai ningún por qué, porque Vigo ten máis pasaxeiros, medra máis ca Coruña, ten máis potencial en todos os sentidos e non hai ningún por qué que non sexa a permanente discriminación que se fai dende distintos eidos da Administración e neste caso dende a Xunta de Galiza coa complicidade de vostedes, señores do Partido Popular, porque non teñen resolto, polo menos a tempo coma outros, este problema. Vostedes perderon o avión, non perderon o tren, o tren andamos todos a ver se non o perdemos, pero de momento vostedes perderon un avión que outros colleron antes. Non teñen vostedes -e sorpréndeme- a capacidade de negociación coa Xunta de Galiza que eu lles supoñía en moitos aspectos, senón vostedes non deberían consentir que Vigo quede atrás en ningún caso diante dos outros aeroportos galegos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Soto, téñolle que dicir que por suposto non compartimos a exposición de motivos nin esa "carta ós reis magos", pero á proposta concreta de que a Alcaldesa se entreviste co Sr. Presidente da Xunta de Galiza para acadar os apoios precisos de xeito que os voos de baixo custo comecen operar inmediatamente dende Peinador, teño que dicir que realmente esas xestións están feitas dende hai bastante tempo.

Vostede fala dos voos de baixo custo coma se fose unha aposta, coma se a Xunta de Galiza tivera algunha compañía de baixo custo. Realmente a Xunta de Galiza o que fai é apoiar cunha parte do financiamento que estas compañías esixen ós municipios para operar cunha cantidade que neste caso é o 60% desa aportación que temos o compromiso de que, coma o resto dos Concellos que teñen un aeroporto, está comprometida pola Xunta de Galiza, pero si que é verdade que se precisa tamén que determinadas compañías acepten operar en Vigo.

O único acordo que está asinado é o acordo co aeroporto da cidade de Santiago para empezar a operar en abril. A Coruña si que ten negociacións pero que eu saiba non está asinado ningún convenio e por tanto aínda non perdemos ese avión.

Si se esquece de algo, aínda que coido que non e si que o debe saber: si é certo que o aeroporto de Alvedro da Coruña ten o mesmo horario ca nós.

As compañías alegan que o número de cancelacións en Vigo é maior, pero á parte temos outro elemento que é o aeroporto de Porto que está máis perto de nós e que iniciou a andadura en voos de baixo custo antes de que na Xunta de Galiza se apostara por este tipo de voos e que non deixa de ter algún tipo de litixio e iso vímolos ultimamente en prensa dende que se anunciou ese acordo con Santiago.

Por tanto lle podo dicir que neste momento o compromiso da Xunta de Galiza, e non só da Xunta senón doutras Administracións porque que eu saiba tampouco por parte do seu Grupo se presentou ningunha alegación no debate dos Orzamentos para incorporar unha partida no orzamento municipal con este fin, por tanto si que nestes meses o que fixemos foron negociacións con outras administracións para acadar ese financiamento necesario para poñer en marcha os voos de baixo custo.

Tamén mantivemos reunións de xeito conxunto e por separado con distintas compañías. As últimas negociacións foron con AENA e con Aeroportos precisamente para veren coma se poden resolver eses inconvenientes ou esas escusas que por parte das compañías se poñen enriba da mesa de cara a acadar esa operatividade dos voos de baixo custo.

Pero por parte da Xunta de Galiza si que temos o compromiso, non asinado pero o compromiso do Concelleiro do ramo, de apoiar estes voos de baixo custo nos tres aeroportos galegos e por tanto tamén en Vigo.

SR. SOTO FERREIRO: Se eu lle entendín ben a Xunta de Galiza en tempo e forma ofreceu as mesmas axudas e ó mesmo tempo ós tres aeroportos galegos.

Entón son vostedes os únicos responsables de que non se fixeran estas xestións.

Sego sen o comprender, Sra. Molares. Con respecto ós Orzamentos eu só lle vou dicir que son vostedes os que fan os orzamentos e vostedes saben se lles van dar subvencións a Deputación, a Xunta de Galiza, ou quen si ou quen non. Pero eu lle vou lembrar unha cousa: cando eu era Alcalde de Vigo se estableceu o voo con Barcelona subvencionado polo Concello de Vigo e a Deputación Provincial, polo tanto foi unha xestión que se fixo daquela e, por certo, pasou seren absolutamente rendible e ó Concello de Vigo non lle custou nin un peso, para seren máis concreto só tivo que avalar e non que poñer cartos, pero esa é outra historia, eran outros tempos e xestionábase doutro xeito.

Dame vostede un argumento que sinceramente non ten pés nin cabeza e que xa escoitei, pero non se detiveron a analizar un chisquiño o feito que temos a Porto polo sur (felizmente e gracias a Deus). Mire, a área A Coruña-Santiago que vai ter voos de baixo custo, collendo o radio que vostede queiran, é unha área de 1.700.000 habitantes e a área Vigo-Porto é de máis ou menos 5.000.000 de habitantes. Colla vostede os ratios coma queira e virá se non lle dá mellor para que haxa dous voos en Porto e en Vigo antes que na Coruña-Santiago.

Non vale ningunha desculpa, Sra. Molares, que non sexa a eficacia da xestión traendo voos de baixo custo e o máis axiña posible a Vigo. O outro son desculpas pero non realidades porque a realidade é que outros fixeron a xestión e vostedes non.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Soto, pódolle asegurar que ós outros Concellos si se dirixiron compañías de baixo custo e no Concello de Vigo tivemos que ser nós quen nos dirixiramos ás compañías de baixo custo.

Por suposto que o da intención e da capacidade de negociación é unha opinión e por tanto vostede pode valorar que a capacidade de negociación deste Goberno sexa maior ou menor, pero lle podo asegurar que tampouco é un tema exclusivamente do Concello posto que tamén é un negocio para o Aeroporto. Estamos implicadas todas as Administracións e dende logo que estamos tentando ter todos os datos necesarios para poder atraer a esas compañías.

Pero lle repito que así coma a outros Concellos, que é o lóxico cando se van subvencionar uns voos que non se trata doutros coma por exemplo Air France que si estableceu de xuño a setembro tres voos na cidade e aí si que

se fixo sen que haxa ningún tipo de financiamento por parte desta Administración e por tanto tamén lle podo dicir que tamén tivemos negociacións para que eses voos se instalaran porque coidamos que é necesario que Vigo estea conectado con Europa e co resto do mundo, neste caso a través doutras conexións, e coidamos que o de Vigo é un dos aeroportos que máis creceu e por tanto non só xa en baixo custo, senón noutro tipo de crecemento como poden ser voos regulares de calquera compañía ou tamén de mercadorías, ten que seguir crecendo e por iso establecimos conversas con AENA para poderen mellorar a situación do Aeroporto de Vigo.

Pero lle podo dicir que neste momento ningunha compañía optou polo Aeroporto de Vigo coma primeira opción e por tanto temos que negociar, ó mellor dándolle máis cartos, pode que si pero repito que neste momento non perdemos ningún avión porque o único convenio que está asinado é o de Santiago e non hai ningún outro. Polo tanto me poderá dicir o anterior cando A Coruña asine ese convenio, pero de momento nin siquiera está asinado o convenio coa Coruña co que aínda estamos a tempo de non perder ese avión.

A PRESIDENCIA: Pode estar totalmente seguro de que nós fixemos os nosos deberes e de que o financiamento, tanto o 60% da Xunta coma o 40% que lle correspondería ó Concello, está feito.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, instando ó Goberno Municipal a acadar os apoios precisos para que os voos a baixo custo operen dende Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (18).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó ARRANXO DE DEFICIENCIAS DO COLEXIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL SALADINO CORTIZO.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 18 de xaneiro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"O Colexio Saladino Cortizo é un centro de Educación Especial que acolle alumnado de idades comprendidas entre 3 e os 21 anos, co obxectivo de acadar o pleno desenvolvemento deste alumnado en todas as súas facetas traballando aspectos intelectuais e habilidades da vida cotiá.

Este centro de educación especial pretende que o tránsito á vida adulta se realice nas mellores condicións posibeis e para isto conta tamén con diversos programas de garantía social: madeira e moble, operario/a de imprenta rápida e manipulados, operario/a de viveiros e xardíns e auxiliar de perruquería.

Se dende a perspectiva da oferta e do labor educativo non hai nada que dicir, non sucede o mesmo se atendemos ás condicións nas que se atopan as instalacións, con problemas de todo tipo, entre os que destacan pola súa importancia o estado das xanelas e do valado metálico que arrodea o recinto escolar.

O colexio está construído nun só andar coa finalidade de eliminar barreiras arquitectónicas e cunha grande independencia entre as diferentes aulas sendo unha característica deste edificio os grandes ventanais cos que conta. Isto, que representa unha grande vantaxe en canto a luminosidade, convértese nun verdadeiro problema dada a baixa calidade e o deterioro da carpintería de aluminio que é moi feble, filtrando auga cando chove e non tendo o illamento térmico preciso para poder disfrutar dunha calefacción en condicións.

Por todo isto propónse ó Pleno do Concello para a súa aprobación o seguinte acordo:

Que o Goberno Municipal apoie as xustas reivindicacións da dirección do centro e se dirixa á Delegación de Educación para solicitar solución a estes problemas, de xeito que este alumnado poida recibir o ensino ó que teñen dereito nunhas condicións dignas."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: A moción que presento hoxe ten relación coas deficiencias que presenta o Colexio "Saladino Cortizo". Este colexio é un centro de educación especial situado nunha parte alta da cidade -en Cabral- e das súas reclamacións eu prioriceei dúas pola súa importancia.

Xa hai un ano que a Dirección do centro presentou un listado de deficiencias entre as que están a revisión do tellado, a revisión da tea metálica que arrodea o recinto escolar, completar a instalación de calefacción que inauguraron este ano e non se fixo de xeito completo, a revisión da fontanería, o arranxo de fiestras que filtran auga, a renovación de persianas porque non as hai ou as que hai están completamente rotas, pintura nas aulas, adaptación dalgún servizo para discapacitados, etc.

Posta en contacto coa Dirección do centro, de todas estas deficiencias eles presentaban coma urxentes e moi importantes o feito da carpintería metálica das xanelas que está en condicións penosas, mesmo moitas delas están dobradas e entra auga cando chove (este inverno sálvanse porque non chove pero os invernos que chove entra moita auga). Ademais non poden disfrutar da calefacción que estrenaron este ano porque todo ese calor se fuga polas fiestras.

Outra cuestión á que lle daban unha máxima importancia é o estado da tea metálica que arrodea o recinto escolar que, aínda que en todas partes é un elemento de seguridade, dado que é un centro de educación especial a responsabilidade é maior porque é menor a responsabilidade do alumnado que alí asiste.

Nós partimos da base de que estes dous aspectos tratan de obra nova e polo tanto a quen lle correspondería a súa solución sería á Consellería de Educación e o que pretendemos é que o Goberno municipal actue de intermediario, apoie as reivindicacións do centro e actue diante da Consellería de Educación posto que sería un xeito de que a Consellería lle dera máis importancia e contribuíra a priorizar unha actuación nese centro dado que as demandas que chegan á Consellería son moitas todos os anos.

Propoñemos para a súa aprobación que o Goberno municipal apoie as xustas reivindicacións da Dirección do centro e se dirixa á Consellería de Educación para solicitar a solución a estes problemas de xeito que o alumnado poida recibir o ensino ó que teñen dereito nunhas condicións dignas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Este centro ten unha longa historia. Saladino Cortizo era un galego natural da Lama que residía en Recife e que lle donou ó Concello de Vigo no ano 1966 unha contía de 2 millóns e medio, contía importante nesa época, para a construción dunha institución para menores discapacitados. O Concello de Vigo, no Pleno da Corporación municipal do ano 1968, no que ía ser un instituto municipal de educación especial adquiriu 20.000 m² máis para que o centro se destinase a esta finalidade que pasou a se chamar Saladino Cortizo, creado por unha Orde do ano 1969. No ano 1974 o centro cédese á, daquela, Caixa de Aforros de Vigo, actualmente Caixanova, para que xestionase o centro ata o ano 1994 no que se cede á Consellería de Educación.

Dende ese momento é un centro público dependente da Xunta de Galiza que se debería incluír, porque non hai que esquecer ás nosas responsabilidades,

dentro dos programas de mantemento do Concello de Vigo. Este centro xamais se incluíu dentro dos programas de mantemento e quizais sufríu unha discriminación. As persoas e os nenos deste centro non tiveron a atención do Concello de Vigo que debían porque a obriga de mantemento de centros de educación non é so para infantil e primaria, senón tamén para centros de educación especial coma obriga a Lei.

Este ano o Concello de Vigo xa incluíu este centro na súa totalidade dentro dos programas de mantemento municipal, mesmo o expediente se iniciou o 7 de xaneiro coa finalidade de que neste ano se inclua unha cantidade dentro dos programas de mantemento que tiñan os propios centros de acordo cunha serie de baremos, entroutros os metros cadrados e antigüidade do centro. Vimos que o centro é do ano 1968 e a superficie hoxe é de perto de 20.000 m2 entón vai ser incluído dentro dos programas de mantemento para que reciba un tratamento normalizado ó que ten dereito.

Á parte diso, que o Concello cumpra coas súas obrigas, é dicir, o mantemento do centro que ata agora non se facía e que agora si se vai facer, tamén hai que ter en conta que dende a Alcaldía, dende o Goberno municipal se tiña dende logo preocupación por este centro e cunha preocupación da Dirección do centro que se puxo en contacto coa Sra. Alcaldesa e co Goberno municipal sobre todo polo peche perimetral. Xa houbo conversas coa Deputación coa finalidade de que tamén colabore; neste sentido xa existen conversas con eles co obxectivo de que se produza o peche perimetral dese centro que está aberto e supón un perigo para os nenos que alí están.

Por iso, por un lado ó peche perimetral vai contribuir a Deputación, por outro estamos a esixirlle á Delegación da Consellería de Educación o cumprimento das súas obrigas e por outro lado nós imos cumprir este ano coas nosas obrigas para que este centro non sufra discriminación con respecto a outros centros educativos.

Por iso imos votar a favor desta moción, porque conclue dicindo que é para que o alumnado poida recibir o ensino ó que ten dereito nunhas condicións dignas e o dereito non é só fronte á Xunta de Galiza senón tamén fronte ó Concello de Vigo.

(No momento da votación está ausente o Sr. Figueroa Vila e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, instando ó arranxo de deficiencias existentes no colexio Saladino Cortizo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (19).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE INSTE Á CONCESIONARIA INTERPARKING HISPANIA, S.A., O ARRANXO DOS APARCADOIROS DA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 24 de xaneiro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"Durante o pasado mandato e por primeira vez neste Concello, atendeuse a que as empresas concesionarias de servizos de parquin na nosa cidade se viran obrigadas a manter estas instalacións adecuadamente.

Con ese obxecto tivéronse sucesivas conversas coas distintas empresas titulares das ditas concesións, poñendo en marcha os procedementos precisos para obrigar a que os aparcadoiros subterráneos, en réxime de concesión administrativa e polo tanto edificios municipais, estiveran ben conservados ofertando instalacións dignas aos cidadáns e asegurando que, no momento de remate da concesión, o Concello non vexa desvalorizado o seu patrimonio.

No caso da empresa que xestiona os aparcadoiros das rúas Venezuela, Coruña e Praza de Fernando "El Católico", as conversas prosperaron por vía de entendemento e o resultado, se ben con retraso, ten dado lugar ás obras de reforma inauguradas recentemente. Felicítámonos de tal resultado, independentemente de que agardamos que ditas obras teñan sido supervisadas polos técnicos municipais.

Mais no caso da empresa que xestiona os aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal non foi así. O día 9 de abril do ano 2001 foille notificado o decreto requiríndolle a realización de obras de mantemento indicadas no informe dos técnicos municipais entregado o día 27 de febreiro do mesmo ano. O caso é que a empresa concesionaria optou por solicitar para realizar ditas obras, un "aumento do prazo concesional" totalmente inxustificable e posteriormente presentou os recursos correspondentes.

Pois ben, o pasado 24 de novembro do 2004, notificouse a esta administración sentenza dictada o día 17 de novembro polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, pola que se condena á mercantil "Estacionamentos Gallegos, S.A, actualmente Interparking Hispania, S.A" para que "no prazo de dous meses realice as obras indicadas polo informe municipal de data 27 de febreiro de 2001".

Dita sentenza, que é firme por non caber contra ela ningún recurso, coida o noso Grupo que debe ser executada canto antes e con toda eficiencia pois compre asegurar sempre o mellor servizo á sociedade, a mellor conservación do noso patrimonio e por outra banda manifestar ás empresas concesionarias, que están obrigadas a cumprir con Vigo en canto á prestación dos servizos.

Como queira que dende a notificación da dita sentenza, non temos coñecemento de que o goberno que vostede preside se teña preocupado do seu inmediato cumprimento, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldesa e ao Goberno Municipal a que, na liña de preocupación polos servizos que recibe a cidadanía, obrigue á mercantil Interparking Hispania, S.A, á execución das obras de mantemento dos aparcadoiros subterráneos da Porta do Sol e Praza de Portugal, de acordo co contido nos informes dos técnicos municipais do 27 de febreiro do ano 2001, previamente actualizados."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Recentemente inauguráronse as obras de adecentamento de varios aparcadoiros da nosa cidade. Non seremos nós quen os xulguemos independentemente de que nos tocou poñer en marcha o expediente, porque non temos constancia plena do control das obras que se realizaron neses aparcadoiros aínda que supoñemos que o Goberno si o fixo e que realmente son coincidentes con aquelas que foron reclamadas aproximadamente alá polo ano 2001. En todo caso felicitémonos por eses arranxos que permiten que eses aparcadoiros estean en mellor situación, pero hai que seguir traballando.

Alá polo ano 2001 unha concesionaria, a que ten os aparcadoiros da Praza de Portugal e da Porta do Sol, en troques de aceptar o posicionamento razoable aprobado por este Pleno no seu momento por unanimidade, decidiu avanzar pola vía do recurso porque reivindicaba un aumento do prazo da concesión administrativa para a realización desas obras.

En todo caso e no que corresponde a este Pleno no que temos coma obriga a protección e a defensa do patrimonio municipal e eses edificios son municipais, o que si nos cómpre saber é que recentemente o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sentenciou en contra desa concesionaria como non podía ser doutro xeito e polo tanto agora mesmo hai unha Setenza do Tribunal Superior que obriga a esa concesionaria á realización desas obras en dous aparcadoiros que realmente están moi deteriorados porque son do ano 70 e durante estes anos a concesionaria, que foi cambiando de nome pero que

basicamente ven sendo a mesma, non fixo as obras de adecentamento e mantemento deses aparcadoiros que están realmente en franco mal estado.

A moción é moi sinxela e ademais o Goberno municipal ten o traballo completamente feito porque neste momento todo o que vostedes teñen que facer é obrigar á execución da Sentenza, nada máis. Teñen vostedes que instar dende o departamento de Patrimonio a esa concesionaria para que execute esa Sentenza e leve a piques eses traballos dos que realmente xa hai un proxecto moi acabado daquel momento, realizado por un enxeñeiro e por un arquitecto municipal, que obriga e que define exactamente qué traballos hai que facer.

Moi fácil para vostedes e mellor para a xente de Vigo porque nun prazo razoablemente curto, se actúan vostedes con lixeireza, teremos tamén eses dous aparcadoiros en bo estado que é o estado en que debemos ter o patrimonio municipal e o estado en que debemos render os servizos á cidadanía de Vigo.

SR. COELLO BUFILL: Estamos totalmente de acordo coa proposta do Sr. Toba, só dicir moi brevemente algo que xa apuntou vostede.

Con data 17 de agosto de 2001 o Concello dirixiuse a Estacionamentos Galegos, S.A., actualmente Interparking Hispania, S.A., coa finalidade de que acometera determinadas obras de reparación. Interparking Hispania, S.A., recorriu a resolución municipal entendendo que as obras de reparación que indicaba o Concello eran de carácter extraordinario e que ademais eran consecuencia das obras de urbanización da Praza da Princesa.

O Tribunal Superior de Xustiza, como vostede dixo, en data 24 de novembro de 2004, advirte do abandono que denotan as instalacións do aparcadoiro e sinala que o concesionario non abordou ningún traballo de conservación ou reparación. En consecuencia desestima o recurso interposto contra a resolución do 17 de agosto de 2001 pola que se requiría a execución de determinadas obras e, coma vostede dixo, contra esta Sentenza non cabe ningún recurso.

Dende diversos departamentos nós tivemos conversas coa concesionaria en base a que na construción do novo acceso, cando se fixo o aparcadoiro na praza da Princesa suprimíronse unhas sete prazas que alteran o equilibrio económico da concesión outorgada no se dúa. Esta circunstancia manifestouse ó Concello polo contratista e, aínda que é independente dos traballos de reparación e conservación ordinarios requiridos, é un tema que pode dar lugar a unha indemnización. Concretamente deberá iniciarse o correspondente

expediente e emitir os informes técnicos, xurídicos e económicos que sexan precisos.

Para rematar, como vostede di, o Concello a través da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, debe reiterarlle á concesionaria a execución das obras de conservación que se sinalaban na resolución do 17 de agosto do ano 2001, sen prexuízo de mencionar aqueles outros desperfectos producidos dende esa data ó día de hoxe e a estes efectos comunicarán un razoable prazo de execución.

Moitas grazas pola súa moción, Sr. Toba, penso que vostedes fixeron ben os seus deberes e nós temos que os remataren. Moitas grazas.

(No momento da votación están ausentes o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, instando ó Goberno municipal a obrigar a Interparking Hispania, S.A., ó adecentamento dos aparcadoiros da Praza de Portugal e Porta do Sol, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (20).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A INSTALACIÓN DUNHA NOVA PARADA DOS AUTOBUSES DA EMPRESA ATSA NA PARROQUIA DE CORUXO.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 24 de xaneiro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Como é ben sabido, un dos principais problemas que soportamos os cidadáns e as cidadás de Vigo é o tráfico, que nas últimas décadas, co crecemento das áreas periurbanas, vense incrementando de forma exponencial, facendo desta cidade unha das de maior índice de motorización do Estado.

A filosofía da cidade sostible, que probablemente defendan todos os partidos políticos presentes na Corporación, aposta decididamente polo transporte público como dereito inalleable dos cidadáns e cidadás, e único xeito racional e eficaz de resolver os problemas de accesibilidade que estos teñen.

Pois ben, moitos/as veciños/as de Coruxo usuarios do transporte público séntense discriminados neste dereito, xa que a concesión de VITRASA non chega a todos os lugares da parroquia, nomeadamente ós máis periféricos. Por aquí pasa tamén o autobús da liña regular de ATSA, pero a parada máis cercana quedalles a máis de 500 metros, polo cal fai máis de ano e medio recolleron firmas na parroquia e dirixíronse ó xerente desta empresa para solicitar unha nova parada na estrada de Camposancos.

Tras facer as oportunas xestións e comprobar que a parada é viable, esta empresa presentou unha solicitude neste Concello, pero a día de hoxe nin os veciños, nin a empresa ATSA recibiron resposta por parte do goberno municipal.

Por todo o exposto, propoñemos a Corporación municipal o seguinte acordo:

Que por parte do goberno municipal se realicen, de xeito inmediato as xestións oportunas para situar unha nova parada da liña ATSA na estrada de Camposancos entre os números 245-250."

A Comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MENDEZ PIÑEIRO: Falamos novamente de tráfico e tamén de transporte público. Como dicimos na nosa moción e como é ben sabido, un dos principais problemas que neste momento soportamos os cidadáns e as cidadás de Vigo e que nas últimas décadas se incrementou co crecemento das áreas periurbanas, é precisamente o incremento do tráfico que, se leron estatísticas, está facendo de Vigo unha das cidades con maior índice de motorización de todo o Estado.

A filosofía da cidade sostible, que probablemente levemos no programa electoral (digo probablemente porque eu non me coñezo todos os programas electorais dos grupos da Corporación) defende e aposta decididamente polo transporte público coma o único xeito digamos que eficaz de resolver os problemas de accesibilidade a todos os cidadáns. Precisamente na lexislatura anterior fíxose unha aposta decidida por este transporte público con medidas coma o incremento de liñas, a tarxeta verde, o adecentamento de paradas, etc. Pero evidentemente hai que seguir investindo en transporte público, hai que seguir mellorando porque as liñas continúan a seren insuficientes e hai que incrementar en moitos lugares a frecuencia do transporte.

Non hai moito tivemos un exemplo precisamente en Sárdoma onde se queixaban os usuarios do Centro de Saúde de que moitas veces non tiñan xeito de chegar a tempo ou de retornar os que vivían no centro porque a frecuencia

era de cada hora e moitos deles tiñan que esperar unha hora para coller novamente o autobús, maioritariamente xente maior que é quen usa os Centros de Saúde.

Aproveitei para falar dos usuarios do Centro de Saúde de Sárdoma pero neste caso o que pedimos con esta moción é precisamente un servizo para os veciños de Coruxo.

Vitrasa en Coruxo non chega a todos os lugares da parroquia e sobre todo ós máis periféricos coma poden ser Melgas, Laxe, Camposancos... Por esta zona pasa unha liña de ATSA que sabemos que é transporte interurbano pero para moitos dos veciños que viven nestas zonas máis periféricas a parada máis cercana que ten ATSA lles queda a 500 metros. Hai xa ano e medio que estes veciños coido que xuntaron sobre unhas catrocentas sinaturas e dirixíronse ó Xerente da empresa ATSA para, se o consideraba oportuno tras facer un estudo na zona que se realizou naquel momento por ATSA, solicitar unha parada neste lugar.

Efectivamente presentouse por parte de ATSA unha solicitude neste Concello para que se puxera unha parada, concretamente na zona onde está a empresa FEGONSA, pero logo dun ano ou ano e medio este expediente segue paralizado e ó día de presentaren a moción nin en ATSA tiveron resposta, nin os veciños de Coruxo sabían absolutamente nada malia demandar deste Concello que se lles dera unha resposta.

Polo antedito propoñemos á Corporación municipal o seguinte acordo: Que por parte do Goberno municipal se realicen de xeito inmediato as xestións oportunas para situar unha nova parada da liña ATSA na Estrada de Camposancos aproximadamente entre os números 245 e 250. Nada máis, moitas grazas.

SR. COELLO BUFILL: Estamos de acordo coa Sra. Méndez Piñeiro, sinxelamente dicirlle que eu visitei a zona co departamento técnico e non temos ningún inconveniente para a situación da nova parada da liña regular de ATSA no punto solicitado dentro da normativa que rexe o transporte interurbano. Non obstante se estudiará polos servizos técnicos a posibilidade de situar algunha parada das xa existentes nas mesmas zonas ou puntos adxacentes. Pero imos facer o esforzo para colocar esa parada no punto solicitado que é entre os números 245 e 250. Grazas.

(No momento da votación están ausentes o Sr. López-Chaves Castro e as Sras. Graña Barcia, Molares Pérez e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa a realizar xestións para unha nova parada dos autobuses da empresa ATSA na parroquia de Coruxo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (21).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE PROCEDA Á POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PASEO DA GUÍA E SOBRE A CIRCULACIÓN RODADA NO FUTURO PASEO.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 21 de xaneiro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Durante o pasado mandato foi prioridade do Goberno Municipal a consecución dun litoral recuperado e no que primase o dereito público de disfrute de ditas áreas do noso territorio.

Con este obxecto presentáronse diante das autoridades correspondentes os proxectos de tratamento de litoral para as praias de Alcabre e para o litoral de Teis.

Ambos proxectos quedaron aprobados polas administracións correspondentes e con previsión orzamentaria.

É o caso que, transcorridos meses e máis meses e tendo recibido noticias por vía de declaracións de distintos responsables do Goberno que vostede preside, nada parece facerse para a realización de dúas actuacións que teñen como beneficiarios aos cidadáns de Vigo. Preocúpanos en primeiro lugar que o contínuo adiamento de ditas actuacións poida traer consigo a perda definitiva das dotacións orzamentarias, ou mesmo que administracións no seu día comprometidas opten agora por se desentender de tales realizacións.

Pola contra, observamos con preocupación como actuacións privadas no litoral, como o porto previsto en A Lagoa, no seu día informados negativamente por esta Administración, parecen recibir un apoio, senón explícito, evidente por parte do seu Goberno. Independentemente do que cada quen opine, resulta que a actuación non pode contar con apoio municipal, por ter incumprido a Autoridade Portuaria o explicitado no Plan Especial do Porto e por se ter realizado a construción de naves sen licéncia municipal, sendo obras ilegais e ilegalizabeis.

En todo caso, moito sospeitamos que o contínuo adiamento do proxecto redactado no pasado mandato de paseo en A Guía, pola zona do cortalumes, ten se cadra que ver co seu uso como "vial irregular" para transporte de materiais para a realización da obra do porto de A Lagoa. Xa non é posible, dende a perspectiva do noso Grupo, seguir utilizando dito camiño como alternativa de comunicación, pois xa se poden executar as obras do paseo e por outra banda as empresas situadas en A Lagoa, ficarán fóra de ordenación, de acordo co Plan Especial de A Guía.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal e á Alcaldesa a proceder sen máis dilación, á posta a disposición dos terreos necesarios para a execución do Paseo de A Guía por parte das autoridades de Medio Ambiente.

2.- En tanto non se inician as obras de acondicionamento do Paseo, o Pleno da Corporación insta á Alcaldesa a prohibir absolutamente calquera acceso rodado polo cortalume, que sinxelamente deberá ser utilizado polos servizos municipais de mantemento e seguridade."

A Comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Dende agosto do ano 2003, cando foi enviado a este Concello para informe o proxecto da Guía, pasaron 15 meses e houbo moitos problemas nesa zona que se puideron evitar se a dilixencia na xestión, como corresponde a calquera goberno, permitira informar favorablemente, de así o considerar, e permitir que Costas fixera as obras que estaban contempladas.

Digo isto porque foi laborioso acadar que a ETEA deixara de ter un muro, recuperar unha praia e facer iso malia a chantaxe dalgunhas empresas cos obreiros (lamentablemente iso empregouse bastante alí) e puidemos dar temporalmente unha solución sempre provisional que permitise a subsistencia de xeito temporal desas empresas alí localizadas ás que lles dabamos marxe para se ir. Para iso se asinou un convenio que as primeiras que tentaron de non o manter nin o cumprir foron as propias empresas.

No punto 2 dese convenio que se asinou no ano 2000 o primeiro que se dicía era que xamais se podería utilizar o cortalumes para pasar camións con ningún tipo de material de obra que permitise facer o que están facendo neste momento.

Lamentablemente a ineficacia ás veces maniféstase cos feitos e neste caso o que si está claro é que se un proxecto se acada doutra administración de xeito laborioso, mándase a este Concello para informe e pasan 5 meses para

que se lle dea o visto e praxe, algo está a fallar e coido que está a fallar coma mínimo a sensibilidade para evitaren que os veciños teñan que defender o que tiña que defender este Goberno.

Por iso esta moción ten un significado claro: Que de xeito inmediato se paralice calquera paso, coma así se contemplaba no convenio, de material, camións, entullos ou camións de terras.

Segundo, que se poñan dunha vez por todas os terreos que son de propiedade municipal ó dispor de Costas do Estado e que se acepte ese proxecto. Coido que se algún proxecto nesta cidade foi amplamente apoiado pola cidadanía é ese. Se nós non poñemos ó seu dispor os terreos e non lle damos o visto e praxe, ese proxecto pode estar durmindo no caixón todo o tempo que queira e non por culpa doutra administración coma pode ser Costas do Estado, senón por culpa desta administración que non informa.

Por iso a miña proposta e a do meu Grupo que é moi clara: Primeiro, o Pleno da Corporación insta ó Goberno municipal e á Sra. Alcaldesa a proceder sen máis dilación á posta ó dispor dos terreos necesarios para a execución do paseo da Guía por parte das autoridades de Medioambiente.

Segundo, en tanto non se inicien as obras de acondicionamento do paseo o Pleno da Corporación insta á Sra. Alcaldesa a prohibir absolutamente calquera acceso rodado polo cortalume que sinxelamente deberá seren utilizado polo servizo municipal de mantemento e seguridade. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, hai algún tempo, na Corporación anterior este Concelleiro presentou unha moción no sentido de que non se debería construír ese porto se non había outro tipo de solucións en paralelo cara a Teis. É coñecida de todos, porque así llo expuxemos a moitos veciños de Teis directamente en distintas circunstancias, a nosa idea de que en Teis habería que facer primeiramente unha grande praia nesa zona e que entón iso podía seren compatible con facer un porto deportivo.

O Partido Galeguista ten un concepto que expoñía daquela e que segue expoñendo hoxe no sentido de que en todo lugar de costa que sexa doado para que aproveiten os veciños primeiro están os veciños, en calquera lugar da costa. En todo caso que se compatibilice porque hai fórmulas constructivas e urbanísticas para que tamén nos lugares en que sexa posible se constrúan portos deportivos porque son un elemento positivo cara á economía da nosa cidade e de Galiza en xeral.

Pero neste caso concreto hai outro aspecto que nos preocupa. Digamos diante de todo que isto é un tema da súa competencia, no Pleno poderemos opinar pero é da súa responsabilidade e a súa competencia, Sra. Alcaldesa, o tema do que estamos a falar.

O venres a última hora déronnos un escrito dunha das empresas alí asentada que di que está no Xulgado cunha demanda que nos achegou e na que fala de petición de responsabilidades caso de que se lle impida -din eles- o paso por un lugar que non é un cortalumes, senón un paso que veñen utilizando dende o ano 1964.

Se no tema da Laxe lles daba a vostedes preocupación negociar con Zona Franca antes de tomar decisións deste tipo, neste caso moito máis. Polo tanto eu quero tratar dous aspectos separadamente desta moción. Por unha banda que non se tome ningún tipo de decisión sen que dispoñamos dos oportunos informes técnicos, agás que, como dicía o Sr. Ruiz, se dea por suposto sempre que se están pedindo os informes técnicos antes de que se tome unha resolución porque neste caso, cando se está advirtindo claramente sobre responsabilidades do Concello, si que podería ser unha decisión grave do Concello e ó mellor dos que votásemos nun sentido determinado e eu dende logo que non asumo esas responsabilidades persoales nin no nome do Concello.

Pero ese un aspecto digamos que procesal que hai que respectar e que eu pido que se lle dea ese trato: que aparezan os informes técnicos dos responsables xurídicos do Concello tan axiña coma sexa posible sobre a pertinencia ou non da reclamación desta ou de calquera outra empresa.

Ese é un dos aspectos; o outro aspecto, Sra. Alcaldesa, para min é a cerna do problema e insisto en que son temas da súa competencia e do mesmo xeito que hai quen lle insta a unha cousa eu voulle instar a outra. Pídlle que negocie con Medioambiente a construción dunha grande praia en Teis e que iso se faga compatible coa construción dun ou máis portos deportivos, nin me meto nesa historia, pero primeiro o servizo cidadán da grande praia en Teis.

É unha proposta do Partido Galeguista feita xa hai algúns anos e, é máis, a min paréceme mesmo negociable. Lembro algunha experiencia porque, á parte de falaren cos veciños de Teis, falamos no seu día co empresario. O Sr. Arca, o Sr. Alonso e máis eu tivemos unha xuntanza co empresario que alí había e dicíanos que non tiña ningún problema en se acomodar a un proxecto no que houbera unha praia e que o único que pedía era que non se lle dilatara o de poñer uns pantaláns flotantes para ir utilizando, pero que el

asinaba os convenios que foran precisos para que se puidera construír unha praia e logo el construír o porto definitivamente sen prexudicar esa praia. Coido que as súas negociacións teñen que ir por ese camiño, Sra. Alcaldesa, e eu é o que lle pido.

Polo tanto dúas propostas que tentan seren rigorosas e déixeme aproveitar, Sr. Domínguez, para lle dicir que hai un momento tiña razón cando eu a cabeza quente dixen unha cousa que non era rigorosa. É certo que cando un ten que facer cousas as ten que facer con rigor e se un quere facer doazóns terá que as facer privadamente e mesmo coido necesario que todos os concelleiros cobren porque necesitamos unha democracia á que todo o mundo poida acceder porque senón só poderían acceder uns poucos; e tamén que todos os Grupos municipais teñan axudas para poder desenvolver o seu labor. Rectifico absolutamente o que dixen antes poñendo nas miñas verbas o rigor que normalmente hai na miña cabeza agás que me quente con intervencións doutros concelleiros nun momento determinado que non quero cualificar e que me fagan dicir a min o que non quería.

Dito isto tamén lles pido rigor no tratamento desta moción, que non metan nun baile preocupante ó Concello de Vigo diante de posibles preitos. Xa saben a nosa opinión dende sempre. Na Corporación pasada nós presentamos unha moción sobre o tema do porto deportivo pedindo que xamais se construíra de non se facer antes unha praia, pero deámoslle tratamento no aspecto procesal con petición dos informes que procedan a ver que é o que realmente din os técnicos municipais, qué cómpre ou non facer nese aspecto e logo no fondo do tema coa proposición que lles facemos.

SR. RUIZ CENICEROS: Cinguíndonos concretamente ó obxecto da moción que é o acceso peonil que conecta precisamente co porto deportivo, coidamos que o Concello neste caso ten que manter un mínimo de coherencia que é a liña que se supón que seguía oficialmente dende que se presentou o proxecto por parte de Portos a este Concello.

No último informe emitido que nos chegou do Sr. Secretario do Pleno lembrábase que no seu momento o Concello informou desfavorablemente a construción do porto por motivos medioambientais, tamén informara desfavorablemente porque o acceso por esa pista forestal efectivamente non era o debido porque o Concello xa advertía de que no PEPRI da Guía ese camiño, esa pista prevíase coma paso peonil.

Existe un proxecto de Medio Ambiente que é o que cita o Sr. Fernández, propoñente da moción, que efectivamente prevé a obra de peonalización que

está pendente de execución e o PEPRI da Guía que agora mesmo está en tramitación prevé que ese sexa un paso peonil. Por unha mínima coherencia planificadora co que aprobou este Concello, ese acceso agora mesmo tiña que se restrinxir só ó tránsito de persoas e paralizar o transporte de vehículos, sempre con dous matizacións que nos agrada que se engadan na moción do Bloque Nacionalista e é que o tránsito de vehículos estea prohibido para todos, é dicir, que non sexa para unhas empresas si e para outras non, ou si para un tipo de mercadoría e non para outro porque iso vai en contra da liberdade de circulación. Pódese restrinxir o tamaño ou tipo dos vehículos pero non se pode restrinxir con relación ás persoas que usan ese camiño.

Dende logo que tamén temos coñecemento das accións xudiciais (coidamos que nos informaron a todos os concelleiros) que agora mesmo está exercitando unha entidade interesada que é a concesionaria.

Certamente estamos de acordo co Sr. Soto, é dicir, esta é unha proposta non vinculante para o Goberno, quen ten a responsabilidade da executar e da levar a piques é o Goberno. Esperamos tamén que previamente teña os informes convenientes en canto a que se efectivamente esa servidume de paso, ese dereito que agora está reclamando é ou non efectivo, pero este Pleno, mentres que non haxa unha orde xudicial que inste esa paralización e mentres non existan eses informes, coidamos que efectivamente ten que solicitar o cesamento do tráfico rodado nesa actualmente pista forestal ou camiño de servizo.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que hai que poñer enriba da mesa os antecedentes porque a conflictividade nace por mor dunha autorización dada pola Autoridade Portuaria para a construción do porto, isto deberíamolo reflectir e ter todos perfectamente claro porque faino baixo as súas competencias e xera un conflito municipal por un paso que se ven utilizando dende o ano 64, paso que non está xuridicamente reflectido e sobre o que hai diverxencias en canto ás súas formulacións.

Tamén é certo que na Comisión de Goberno do 13 de marzo de 2002 se chegou a un acordo entre os veciños, os propietarios e o Concelleiro, daquela o Sr. Fernández, para dar autorización de paso polo cortalumes de 8 a 11 e de 15 a 17 horas que cunha serie de restriccións que aparecen reflectidas.

Cando este Goberno chega á responsabilidade nesta cidade comezan unha serie de conversas cos veciños, houbo bastantes reunións nas que se tomaron varias decisións con respecto ó cortalumes; logo tamén falarei dos paseos.

A finais do mes de novembro este Concelleiro dá orde de impedir o paso, a utilización dese cortalumes e instálanse unhas pedras, faise un requirimento notarial e emítese un informe por parte de Seguridade deste Concello onde se fala da posible responsabilidade en caso dalgún accidente nas naves onde se está a traballar.

Contra a vontade deste Goberno os técnicos asesoran e aconsellan que abramos ese cortalumes e que retiremos as pedras. Esa é unha realidade que pode ratificar calquera veciño e cidadán porque é certo que así acaeceu. Evidentemente que a partir daí nace unha conflictividade xurídica que nestes momentos está sen resolver. Isto é certo digan o que digan.

A partir daí, cando poida haber responsabilidade a nivel persoal dalgún dos concelleiros evidentemente hai que tentar garantir a seguridade e así o fixemos.

Neste intre algunhas persoas presentes entre o público que asiste á sesión, interrompen ó Sr. Figueroa Vila pedindo silencio a Presidencia.

SR. FIGUEROA VILA: Este concelleiro que lles fala estivo catro anos imputado por unha morte en Cotogrande polo tanto cando se fala de cuestións que non están resoltas xuridicamente hai que ter a prudencia e a cautela suficiente. Iso foi o que fixo este Goberno e o que vai seguir facendo porque é a responsabilidade que coido que temos cada un dos que formamos esta Corporación. Evidentemente que a vontade política pode ser unha pero as responsabilidades xurídicas e penais que se poidan ter evidentemente atinxen á conciencia e á responsabilidade de cada un a nivel persoal.

Sra. Alcaldesa, eu pido o maior respecto, este é un Pleno onde ten que haber o maior respecto para todos os Corporativos, pido o maior respecto.

En canto ó que falaban do paseo dicir que se fixo a publicación, publicación que se ordenou dende o Ministerio que se repetise porque non ía un escudo e así se fixo; remitiuse a Patrimonio a finais de outubro ou principios de novembro e pedíronnos unha serie de correccións que se están facendo. Tan pronto coma nos remitan novamente o proxecto, ese proxecto dos paseos que coido que é unha idea que defendemos todos, remitirémolo ó Ministerio de Medio Ambiente para que se constrúa o máis axiña posible.

Iso é o que este Goberno vai seguir facendo e polo tanto o noso Grupo, cando teña os informes correspondentes que as apoiem, tomará as decisións oportunas en base a eses acordos e informes que espero nolos remitan coa maior brevidade. Moitas grazas.

SR. TOBA GIRÓN: Un par de puntualizacións porque efectivamente se poden mesturar cousas distintas. Todos recibimos o venres este papel que está presentado perante o Xulgado o día 26 de xaneiro e nós presentamos a moción o día 20 de xaneiro, quizais hai unha reacción reactiva dunha en dependencia da outra. En todo caso nós coidamos, sen ánimo de polemizar máis do necesario, que son cousas completamente distintas. O paso de vehículos polo cortalumes da Guía está informado polo Sr. Secretario Xeral. Sr. Secretario, ¿está informado? Que conste que xa está informado. Hai que actuar sen máis.

A pretensión dun privado da que se nos dá coñecemento o venres pasado, pretensión por suposto lexítima en todo caso, nós evidentemente de ningún xeito aceptámola e imos combatela, non sei se leron a modiño o expediente pero é conveniente que lean a segunda súplica porque di: "Subsidiariamente que se constitua unha servidume de paso permanente a través da propiedade do Concello de Vigo no monte da Guía". Ben, imos deslindar as cousas porque cada procedemento é distinto.

En canto ó primeiro procedemento de poñer os terreos ó dispor de Costas do Estado, entendemos as explicacións dadas polo Sr. Figueroa, estaremos atentos, é un tema que puxemos en marcha nós, nós queremos que se faga ese paseo, imos estar permanentemente enriba del, pero atendemos ás explicacións do Sr. Figueroa, seméllannos razoables, que se acurten os prazos o máximo posible para que se inicie a construción dese paseo desexado por todos o máis axiña posible.

Segundo, o paso de tráfico pesado por ese cortalume xa está informado polo Sr. Secretario Xeral, ese non é un vial, non está no inventario de viais.

Terceiro, se mo permiten, a colocación de pedras á entrada foi unha rotunda equivocación e non por outra cousa, senón porque se mañá precisamos pasar con vehículos de emerxencia propios municipais imos ter un problema realmente moi serio, seguramente a cadea que había antes era moito máis sensata pero en todo caso hai que reservar ese paso inevitablemente.

En cuarto lugar, a pretensión da parte demandante non ten nada que ver con iso porque o que nos formula é unha servidume de paso permanente. Agora miremos un pouco máis adiante. Mañá o Sr. Figueroa remata co procedemento de posta ó dispor de Costas do Estado dos terreos e ¿preténdese unha servidume de paso permanente polo que ten que ser un dos paseos cruciais reflectidos no Plan Especial da Guía? ¿en que cabeza cabe? Isto non ten

sentido. O que teremos que facer será obviamente defender a nosa posición correctamente porque non temos ningún problema.

Si que me chama a atención coma está redactada a demanda e non vou deixar pasar o Pleno sen manifestar a miña opinión persoal. Non se pode redactar unha demanda en termos de ameazar á Corporación e ista está redactada en termos ameazantes. Di o Suplico III: "...se impoñan á demandada (é dicir ó Concello de Vigo) as custas do xuízo se se opuxera á mesma con manifesta temeridade e mala fe". Temeridade e mala fe é de quen pretende facer unha servidume de paso permanente polo que debe ser un dos corredores principais do percorrido da Guía de carácter peonil que debe ser construído por outra Administración. Digo máis, digústanos coma Corporativos que queremos exercer evidentemente a nosa obriga aquí, ese punto cuarto da carta inicial asinada que di: "...de non seren así esta Sociedade exercitaría as accións legais pertinentes de todo orde en esixencia da responsabilidade..." ¿Qué se pretende? ¿ameazar á Corporación? Isto si que non se pode permitir.

Sra. Alcaldesa, en primeiro lugar rematen vostedes o máis axiña posible con ese trámite de posta ó dispor dos terreos. En segundo lugar, impida xa o paso dos vehículos porque está na súa potestade e porque ese non é un vial. En terceiro lugar, Sra. Alcaldesa, fale vostede coas persoas que asinan estes documentos e explíquelles que nesta Corporación hai Corporativos e Corporativas, supoño que todos e todas, pero dende logo que eu con toda a seguridade, que non aceptamos a política da ameaza de ningún xeito.

Polo tanto vótese a moción, se a votamos todos e todas, Sra. Alcaldesa, vostede ten un apoio de toda a Corporación para facer o que ten que facer que é poñer ó dispor os terreos o máis axiña posible e impedir o paso de tráfico e por suposto deféndanos diante desta pretensión absolutamente descabellada perante os Tribunais.

SR. SOTO FERREIRO: Coido que todos deberíamos ter como pedía antes rigor neste tema. Dende logo nós tal e como está o tema agora mesmo, sen informes xurídicos suficientes non o imos votar a favor, pero lle propoñemos outra cousa: que pase inmediatamente á Xerencia de Urbanismo o tema para o seu tratamento integral e dun xeito no que saibamos se proceden ou non os informes xurídicos e polo tanto que con seguridade xurídica se actúe. Insisto en que aquí estamos todos opinando que é responsabilidade da Sra. Alcaldesa e eu dende logo se fose Alcalde de Vigo faría o que estou dicindo, por se acaso e para non me agachar de ninguén eu reuniría inmediatamente á Xerencia de Urbanismo, en primeiro lugar pediría todos os

informes xurídicos e falaría das solucións urbanísticas que aí se poderían dar porque esas son opinións de Corporativos e non de técnicos.

Queremos unha praia ou non, queremos ou non un porto, qué tipo de solución viaria se lles dá necesaria, legal e obrigatoriamente ás empresas que estean asentadas na zona porque non se lles pode deixar sen ningún acceso, haberá que ver que di ou non o Plan.

Coido que con rigor deberamos sentármonos e darlle unha solución tan inmediata coma queiran, se queren na próxima Xerencia pero dende logo a moción tal e coma está, se a manteñen nós teríamos que votar en contra por todas as razóns que dixemos. Nen embargantes coido que nun prazo moi breve poderíamos dar unha solución a todos os problemas. Está nas súas mans.

SR. RUIZ CENICEROS: Só para clarexar a postura en relación con esa demanda que se presentou, a comunicación que se nos mandou a todos os Concelleiros e en relación ós informes. Coidamos que neste caso ó noso parecer a decisión é a mesma que a do Centro comercial da Laxe, é dicir, nós estamos a favor de que teña uso peonil sen prexuízo de que se pidan os informes correspondentes en canto a se a demanda está fundamentada ou non nesa esixencia dunha servidume de paso.

Ó noso parecer non está fundamentada, nin de feito nin xuridicamente, pero non coidamos que iso tal e como está formulado se recolla no informe do Secretario Xeral do Pleno co que a nosa postura é que este Pleno vote a favor sen prexuízo de que se pidan os informes tendo en conta que a execución da decisión correspóndelle ó Goberno municipal, é dicir, esta é unha proposta que fai o Pleno pero é responsabilidade do Goberno levala ou non a piques.

SR. FIGUEROA VILA: En canto á última intervención do Sr. Ruiz Ceniceros dicir que eu coido que nós estamos tentando esgotar toda a seguridade xurídica correspondente para tomar unha decisión, coido que a vontade se manifestou claramente porque evidentemente se seguen cos trámites administrativos do paseo para poñer ó dispor do Ministerio de Medio Ambiente os terreos, agora fórmulase unha demanda e nós o que imos facer é trasladala ós servizos xurídicos desta Casa para que nos fagan os correspondentes informes xurídicos e, como ben din vostedes, é unha decisión de Goberno que hai que tomar, tomarase consecuentemente cos informes como non pode ser doutro xeito. Polo tanto nós imos votar a moción

en contra esperando eses informes e non teña a menor dúbida de que tomaremos esa decisión o máis axiña posible.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Toba Girón, e doce votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, para proceder á posta a disposición dos terreos necesarios para a execución do paseo da Guía, co texto que se transcrib nos antecedentes deste acordo.

20.- (22).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN DA CONSTITUCIÓN EUROPEA.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 21 de xaneiro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

“Defendemos a Constitución Europea dende a convicción, non só porque vaia ser útil para as nosas vidas, senón tamén porque, nin o noso modelo nin os nosos valores, serán nin van poder ser se non é na Unión Europea e dende a Unión Europea.

No tempo que nos toca, ningún dos grandes retos poden ser afrontados nin moito menos resoltos, dende os vellos estados nación. Só dende a definición de políticas comúns e dende o acordo poderemos enfrontar os desafíos do século XXI con garantías de éxito.

A aprobación da Constitución é un reto, é o marco imprescindible para camiñar cara a un modelo de vida e de cultura europea, en defensa e maior garantía dos dereitos civís e sociais dos cidadáns.

Hoxe máis que nunca podemos afirmar que os poderes locais son tamén a forza de Europa. Os nosos Concellos como os de toda Europa, tiveron unha responsabilidade na inspiración da lexislación e políticas europeas, na súa aplicación e control, definindo novos obxectivos e enfoques das políticas rexionais ou de cohesión e nas políticas de emprego.

Neste momento é preciso recoñecer que os Concellos españois tamén contribuíron de maneira determinante, aos procesos de integración europea.

Dende 1978 a política territorial da democracia concentrouse basicamente na construción do Estado das Autonomías. Agora, no novo século, a política territorial debe dar resposta aos novos horizontes da autonomía local e do seu financiamento. España non pode ser allea a unha realidade cada vez máis crecente en Europa: estase producindo un proceso de devolución de poderes cara o local. A urbanización é xeralizada e crecente no planeta. A cidade recobra protagonismo como escenario e espazo da política, na organización da democracia e na solución e resposta, dende a proximidade ás novas necesidades da humanidade. As redes de cidades, están en progresiva expansión configurando de forma inexorable novas alternativas na construción europea e na articulación, desenvolvemento e vertebración de España.

A nova Constitución recoñece o papel das rexións e as cidades na construción europea, consagra a autonomía local e os principios de subsidiariedade e proporcionalidade e outorga un papel activo ó Comité das Rexións, depositando novos poderes e tamén novas competencias e responsabilidades nos representantes locais e rexionais.

A Constitución Europea debuxa un escenario no que cabe prever unha ampliación substancial da participación das cidades e das rexións no deseño e a execución daquelas políticas da Unión Europea nas que esta exerce unha competencia compartida cos Estados Membros, como son as políticas sociais, o emprego, a cohesión económica, social e territorial, o medio ambiente, os transportes, a enerxía, a industria, a cultura o turismo, a educación, a xuventude, o deporte, a formación profesional ou a protección civil.

O texto constitucional deixa aberto un largo percorrido para que as cidades e as rexións poidan desempeñar no futuro un papel moito máis activo no desenvolvemento dos obxectivos e políticas da Unión cuxa competencia é compartida por diversas instancias administrativas.

A Constitución Europea é transcendente por moitas razóns.

- Porque é unha ferramenta útil para solucionar problemas; porque mellora o noso nivel e calidade de vida; a garantía e a seguridade das nosas liberdades e da nosa cidadanía. Porque o noso futuro atópase ligado irremediabilmente ao da Unión Europea.

Porque non hai outra vía máis fiable e próxima ao noso alcance para afrontar con éxito os retos aos que estamos chamados e garantir ao mesmo tempo unha vida mellor e o disfrute da liberdade e dereitos que nos son inherentes en canto a cidadáns.

Porque Europa decide apostar por se construír ao través do dereito e o impulso das sociedades civís, non ao través da forza das armas.

Coa Constitución, os europeos teremos por primeira vez unha Carta común de Dereitos Fundamentais, que consolida e proxecta cara ao futuro á cidadanía europea.

A Constitución potencia a democracia e prevé que os cidadáns e as súas asociacións representativas poidan manter un diálogo aberto e transparente

coas institucións europeas. A Unión recoñece e promove o papel dos interlocutores sociais.

Decidimos compartir ese proxecto coa cidadanía, convocando a esta nunha ambición progresiva que só vai cobrando forma ao traveso da ferramenta cualificada do Dereito.

Nesta oportunidade, ó igual que cando votamos a Constitución española, hai 26 anos, todos estamos invitados.

Todos e todas seremos benvidos nesta importante cita ca Constitución.

Unha das principais tarefas que afronta o Goberno, as institucións e a sociedade nos próximos meses, é que o referendo de ratificación do próximo 20 de febreiro conte cunha elevada participación nas urnas.

É sumamente importante que o día 20 de febreiro acudamos ás urnas e para iso os representantes dos cidadáns teñen unha importante encomenda: combater o descoñecemento dende a información pois iso suporá combater a abstención e divulgar o coñecemento do texto europeo pois suporá incentivar a participación.

Por todo iso, sometemos á consideración do Pleno da Corporación esta moción para que este adopten os seguintes acordos:

1.- Iniciar unha campaña de divulgación dende o Concello de Vigo sobre a idea que encarna a Constitución Europea, dende o coñecemento a fondo dos principios que representa con argumentos verdadeiramente europeos e difundir activamente a mensaxe europeísta, loitando dese modo contra a indiferencia e contribuindo con iso a impulsar un novo modelo de civilización baseada na combinación de dereitos políticos, progreso económico e protección social, que proxecte ao exterior unhas relacións internacionais baseadas na legalidade, o multilateralismo e a cooperación e con isto incentivar a participación no referendun.

2.- Reclamar ós responsables políticos absoluta lealdade e coherencia cos principios e os obxectivos europeístas, sen medo na redistribución de poder, fortalecendo o da Unión, pero tamén é á vez, o das súas cidades e rexións."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Os cidadáns vigueses, coma o conxunto da cidadanía española, están convocados o día 20 de febreiro a un acto singular, absolutamente excepcional, que é o de se pronunciar sobre a primeira Constitución Europea. Dende o noso punto de vista a Constitución Europea é un feito que cabe calificar, sen que medie ningún tipo de esaxeración, como un feito histórico porque representa un paso fundamental de cara ó proceso de impulsar e confiamos que facer irreversible a

integración política de Europa, a integración política dunha área que reúne unha serie de cualidades absolutamente excepcionais no mundo e na historia. Unha área que reúne liberdades políticas plenas, progreso económico, progreso social e mesmo riqueza cultural, o que define unha situación de calidade de vida humana como probablemente non se ten producido en ningún outro momento da historia.

Para nós o verdadeiramente excepcional deste feito que estamos en proceso de vivir é a Constitución en si mesma. O feito de que exista unha Constitución europea, o valor simbólico que isto ten, o feito de que vai existir unha norma que rexa as vidas e os destinos de xentes, de pobos, de países cuxa tradición de séculos pasou moito máis por conflitos e mesmo pola guerra, que pola convivencia e a cooperación.

A importancia deste enorme valor simbólico de contar cunha Constitución Europea cremos que pesa máis que o propio texto dalgúns artigos porque, se entramos no texto que se propón, efectivamente pode haber interpretación diversas e coido que todos estaríamos de acordo en que non todos os artigos son plenamente satisfactorios pero isto probablemente é unha cousa inevitable porque a Constitución é froito de consensos complexos acadados entre xentes, países de tradicións legais e constitucionais moi diferentes e a propia idea de consenso na elaboración da Constitución coido que ten un grande valor en si mesma.

En todo caso advertimos con toda claridade que hai aspectos nos que se recollen melloras extraordinarias e hai outros nos que certamente non se advirten cambios fundamentais. Pero o que non advertimos dende un punto de vista progresista, europeísta, é ningún aspecto no que se rexistre regresión ou volta atrás ningunha.

En todo caso si queremos salientar que para nós, facendo unha extremada escolleita, parécenos advertir dúas aportacións fundamentais nesta Constitución. A primeira a consolidación da noción de cidadanía europea; pasamos do que se ten dito tantas veces e probablemente con razón, a Europa dos mercadores, á Europa dos cidadáns a través da Carta de dereitos fundamentais xuridicamente vinculante. Esta noción de cidadanía europea parécenos un cambio absolutamente trascendente.

O segundo, que coido que concerne directamente a un Concello coma iste, é que o texto constitucional consagra o principio da autonomía local e por suposto tamén da autonomía rexional, no seu artigo 5.

Por iso presentamos unha moción que non propón directamente que o Concello de Vigo se pronuncie a favor da Constitución, pero si nos parece importante

que o Concello de Vigo se pronuncie a favor da divulgación da propia idea europeísta e da divulgación desa idea que está no cerna desta Constitución.

Por iso propoñemos unha moción para que se adopten os seguintes acordos:

Iniciar unha campaña de divulgación dende o Concello de Vigo sobor da idea que encarna a Constitución Europea, dende o coñecemento a fondo dos principios que representa con argumentos verdadeiramente europeos e difundir activamente a mensaxe europeísta, loitando dese modo contra a ignorancia e a indiferencia e contribuindo con iso a impulsar un novo modelo de civilización baseado na combinación de dereitos políticos, progreso económico e protección social, que proxecte ó exterior unhas relacións internacionais baseadas na legalidade, o multilateralismo e a cooperación.

Reclamar ós responsables políticos absoluta lealdade e coherencia cos principios e os obxectivos europeístas, sen medo na redistribución de poder, fortalecendo o da Unión, pero tamén e á vez, o das súas cidades e rexións.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme que hai distinguir dous aspectos na súa moción. Un é o dereito de opinión que este Pleno mantén en distintos aspectos e temas, dereito que se exerce consuetudinariamente. Outra cousa é a intervención do Concello como tal.

Logo entrarei no fondo da cuestión pero preocúpame a forma na que vostedes o propoñen porque preocúpame o dereito que teñen os que pensan votar ou auspicar o non ó seu dereito igualitario por parte dun tratamento institucional. Paréceme que hai campañas que se se fan expositivamente, como se están facendo agora varias por parte do Estado, relatando artigos da Constitución, etc., iso non influe nun sentido nin noutro, teoricamente porque algo influen, pero teoricamente non na medida en que se están decindo asépticamente qué artigos hai e a xente pode xulgalos.

Pero se saimos aquí cunha opinión positiva dos valores europeos, etc., paréceme unha propaganda subliminal a favor do si.

Dito este aspecto formal que me preocupa porque como xa dixen a democracia ten que estar moi atenta ós aspectos formais para consagrar os dereitos das maiorías e das minorías, o Partido Galeguista xa anunciou que lle vai dar un si crítico á Constitución Europea. Parécenos que ten moitos valores en moitos sentidos coma os que vostede ven de citar; por exemplo, eu comparto a valoración positiva que ten vostede, Sr. Arias, pero ten algún aspecto negativo ou algunha eiva.

A min me parece que por exemplo ten a eiva de non contemplar un tratamento dos pobos minoritarios europeos e paréceme unha eiva grave da Constitución, unha opinión non miña senón do Partido Galeguista. Temos unha proposición que con modestia pero con firmeza pretendemos levar adiante ó longo dos tempos e é que canto antes se constitua un Consello Consultivo de pobos minoritarios europeos, miren que somos moderados na petición, falo dun Consello Consultivo, non executivo e polo tanto que cando se vaian tomar decisión que atinxan a pobos ou a minorías, que ese Consello, dentro dos informes que se emiten na Unión Europea, poida emitir informe antes de lle dar tratamento no seu caso polo Parlamento e polo Consello de Ministros e polo tanto que se teñan en conta as opinións dos pobos minoritarios.

Dito isto e por tanto a nosa opinión do si crítico á Constitución Europea que é un si que no noso caso está claro que non é un si de obediencia debida, non votamos que si porque o di Madrid-PP ou Madrid-PSOE, senón que votamos que si porque nos parece que a Constitución é un paso adiante positivo para Galicia, independentemente da eiva que dixen antes, agora digo que os valores que vostede citaba son universais e por tanto ós galegos, en tanto que valores universais, viránnos moi ben.

Paréceme un momento histórico para aproveitar. Malias eivas que poida ter, a Constitución Europea permitirá un paso adiante na construción dunha Europa que algúns queremos moitísimo máis unida do que hoxe está, non é a Europa dos pobos, non é a Europa Federación que queremos no Partido Galeguista pero é un paso adiante.

Como o foi a Constitución do 78 que deu un paso moi importante para o asentamento no seu día da democracia e cunha serie de valores moi importantes, malia que hoxe moitos discutamos a vixencia dalgúns dos seus aspectos.

Igual nos pasa coa Constitución Europea pero vaia por diante o noso si crítico, o noso si de apoio e eu pediría que en todo caso o Concello fose enormemente cuidadoso á hora da difusión para en ningún sentido prexudicar ós que con todo o dereito piden o non co mesmo dereito que nós pedimos o si.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Vou ver se somos quen de ser didácticos e de nos explicar da mellor maneira posible porque, á parte de que nos temos que entender entre nós, tamén temos que facer que a cidadanía entenda o que aquí se debate.

Se falamos de Europa o Bloque Nacionalista Galego ten que dicir moi alto, moi claro e con toda a firmeza do mundo que imos defender sempre Europa, imos traballar sempre por Europa e imos colaborar sempre na construción europea sen lugar a dúbidas.

Non estamos a falar de Europa, estamos a falar dun referendun ó que se nos convoca o vindeiro 20 de febreiro, convocado por Europa porque o tratado, que non a Constitución, que imos votar é de Europa e que ademais convoca o goberno do Estado Español.

O que se está a dicir nesta moción é que queremos que o Concello, cos cartos de todos os vigueses e viguesas pague a campaña do Partido Socialista e do Partido Popular a este referendun, que se paguen as campañas partidistas que apoian un posicionamento determinado.

Non hai máis que ler algunhas liñas da propia exposición de motivos para entender que o que se está a pedir e isto: que o Concello de Vigo pague unha campaña dos partidos que son os que maioritariamente están a pedir hoxe.

En principio e en primeiro lugar isto parécenos algo antidemocrático, que unha institución se posicione en incentivar a participación no referendun. Dicimos isto porque ¿lembran vostedes hai uns anos, cando os galegos e galegas tamén tivemos que acudir a un referendun e que había un partido político, que supoño que hoxe seguirán representando os señores do Partido Popular, que pedía ós cidadáns que se abstiveran? Refírome ó referendun da OTAN. Había unha formación política que lexitimamente pedía ós cidadáns que se abstiveran nesa consulta.

Igual que ese partido lexitimamente pedía iso, pode haber outras formacións políticas, outros cidadáns que despois da lectura deste tratado e de ter analizado cómo se ten configurado, decidan lexitimamente qué van votar. Paréceme moi ben que o Partido Socialista, o Partido Popular, dende as súas propias campañas pagadas cos seus cartos inviten á xente a que voten si e a que vaian participar, porque o Bloque Nacionalista vai facer tamén a súa campaña electoral na que como todos e todas saben pediremos o voto negativo a este tratado.

Pero esa campaña ímola pagar con cartos dos militantes do BNG.

En definitiva me parece que unha institución coma o Concello non está para tomar posicionamento político partidista e penso e dígoo con toda a cordialidade do mundo que iso é do que se trata nesta moción.

Pero é que ademais pensamos que esta moción non cumpre a legalidade. Non o digo eu; o Goberno do Estado, a través da Xunta Electoral, dicta unha

resolución 17/2005, do 20 de xaneiro, que di: a) Que se revisen os contidos da web institucional eliminando aqueles que non sexan rigurosamente neutrais ou que sufran xuízos de valor ou que poidan incidir na decisión dos cidadáns. b) Que se retiren da administración e dos seus departamentos todos elementos que poidan incidir na decisión do voto. c) Que por parte dos órganos da administración se evite calquera actuación que poida directa ou indirectamente influir na decisión dos cidadáns.

Agora leo textualmente a moción: "Iniciar unha campaña de divulgación dende o Concello de Vigo sobre da idea que encarna a Constitución Europea..." a nas últimas frases di: "...e con isto incentivar a participación no referendun".

Retiren a súa moción e que toda a Corporación faga simplemente un chamamento: animamos dende todos os grupos políticos a que cidadáns, homes e mulleres, lean o tratado constitucional e quiten as súas propias conclusións. Aínda máis, o BNG ofrécese para participar nun debate público cos demais partidos políticos onde directamente se lle explique á cidadanía cales son os seus argumentos, a favor, en contra ou calquera outra postura con relación a este tratado.

Non gastariamos nin un só cartito dos vigueses e vigueses, estaríamos cumprindo a legalidade e estaríamos facendo algo que nos parece importante: deixando que os cidadáns lexitimamente decidan, logo da lectura deste tratado, cal é a súa postura e non tratemos dende unha institución, porque aquí non somos un partido político, de incidir nunha decisión que, afortunadamente porque estamos en democracia, é unha decisión individual, libre e segreda.

Se hai un segundo turno e falamos da Constitución Europea, podemos falar tamén destas cousas que efectivamente non están no tratado. A min me preocupa cando se di que sempre que se chega a unha constitución hai que ter un consenso; claro que si pero cando se chega a un consenso con homes e mulleres que foron democraticamente elixidos e que polo tanto fan un tratado. Pero este tratado non se fixo por persoas democraticamente elixidas polos estados, senón que se fixo por unha convención de notables que non foron elixidos directamente por ningún.

Cando se di que é un primeiro paso, preocúpanos que estamos debatindo e imos votar un tratado que dificilmente vai ser modificado porque vostedes saben que se necesita a unanimidade dos vinte e cinco estados membros para modificar ese tratado.

O outro día a miña compañeira Olaia Fernández participaba nunha charla e un contertulio que non vou dicir de qué forza política era díxolle: "É certo que hai moitas cousas que están mal neste tratado, o dereito dos cidadáns, o emprego, etc. Tamén me preocupa a cuestión da OTAN pero é o que temos". Pois dicimos que para votar algo simplemente porque é o que temos, preferimos que a cidadanía lea, quite as súas propias conclusións e decida individualmente.

Deixo enriba da mesa a proposta de que simplemente fagamos un pronunciamento da Corporación animando a todos os cidadáns e cidadás vigueses a que lean o tratado constitucional e que tomen a súa propia decisión; e podémonos sentar cando vostedes queiran a debater os representantes das forzas que compoñemos a Corporación, pública e abertamente sobre a nosa postura do tratado.

SR. FIGUEROA VILA: Gustaríanos en primeiro lugar apelar ó Partido Socialista porque nos gustaría votar esta moción para dar claramente o noso apoio a este tratado. Pero o que non nos gustaría é entrar nalgunha cuestión que se puidera intepretar que non fose absolutamente legal e para iso se o Partido Socialista e mailo Secretario, que antes xa falamos con el, buscan unha fórmula axeitada de redacción que se poida aprobar, que coido que é o que queremos todos con esta moción, nós así faríamolo.

Sr. Secretario, gustaríame que esa matización que antes nos fixo que a expuxera publicamente para ver se somos quen de buscar unha redacción que nos poida valer a todos, sempre que así o acepte o Partido Socialista.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Efectivamente e como xa se dixo aquí, a Xunta Electoral Central pronunciose sobre o que poden ser os contidos dunha campaña institucional sobre o tratado da Constitución Europea e dixo claramente que esa campaña tan só pode explicar o que é o contido do Tratado da Unión, á parte de informar sobre cal é o procedemento do voto, se é por correo, a data da votación, etc.

Tal e como está redactada a moción en tanto que chama á participación dalgún xeito, é dicir, a un voto afirmativo, un voto negativo, un voto en branco, está posicionando dalgunha maneira no que é a orientación dos cidadáns. A abstención é unha postura lexítima, legal e dalgún xeito está orientando cara a participación.

Por iso entendo que a moción, tal e como está presentada, podería conculcar a Lei Electoral xeral e por outro lado a Resolución do 19 de xaneiro da

Xunta Electoral Central. É certo que se pode falar sobre o contido, é certo que, como dixo aquí xa algún concelleiro, pode haber debate sobre ese contido, animar ós cidadáns a que lean a Constitución pero máis alá eu entendo que legalmente non pode ser, sería orientar o voto afirmativo, negativo ou en branco cando hai outra posición.

SR. ARIAS MOREIRA: Vou tentar de dar cumprida conta tanto do fondo como da forma porque algo se ten dito sobre o fondo do asunto e gustaríame falar un momento diso.

Coido que neste punto, como en calquera outro pero neste máis, calquera fundamentalismo é malo, negar absolutamente que ter unha postura de votar non a esta Constitución non é europeísta non vou dicir tanto, pero en todo caso permítanme dicir que hai argumentos que son máis cribles e máis fáciles de entender que outros, alomenos dende o meu punto de vista que son que está a falar neste intre. Para min proclamar a idea de Europa, proclamarse europeísta nun intre en que se está a dar un paso absolutamente trascendente na idea europeísta e votar non, pois eu francamente non o entendo.

Hai distintos xeitos de valorar todo isto, coido que cos compañeiros do BNG hai moitas cousas que compartimos pero respecto do fondo deste asunto hai dúas cousas que claramente non compartimos. Primeiro a valoración da experiencia de Galicia no proceso europeo dos case que últimos vinte anos; para nós a modernización de Galicia nos aspectos que ten tido moi importantes nestes anos, moitos deles teñen que ver coa Unión Europea.

Soamente habería que lembrar que no período que vai do ano 2000 ó 2006 Galicia terá recibido ó redor dos 5.100 millóns de euros para todas esas cousas que tanto demandamos e queremos os galegos. Coido que efectivamente supuxo un reto moi importante o proceso de integración en Europa para a economía española e en particular para economía galega. Isto foi un desafío que a economía galega nalgúns sectores conseguiu encarar positivamente, enfrontaron unha modernización moi positiva; noutros resultou máis complicado pero para o conxunto da economía e a sociedade galega coido que foi un cambio extraordinariamente positivo.

O segundo aspecto fundamental que nós valoramos moitísimo e que ten que ver coa miña primeira intervención é a Europa dos Cidadáns. Nós non queremos unha Europa de pobos ou de nacións, queremos unha Europa de cidadáns e coido que isto encarna perfectamente a medida desta Constitución.

Con respecto ós aspectos formais que se sinalan, logo de dicir que son moitos centos de concellos en toda España os que teñen aprobado mocións similares a esta, logo de dicir que o Parlamento de Galicia aprobou a seguinte moción en termos moito máis radicais dos que está formulada a nosa moción: "O Parlamento Galego apoia a Constitución Europea como marco xurídico de convivencia dentro da Unión e por iso anima ós cidadáns a participar no referendun".

Logo de dicir isto, dicimos que efectivamente canto máis se estenda o consenso mellor e que estamos abertos a fórmulas que non deixen ningunha dúbida, por exemplo: "Que dende o Concello se faga unha campaña divulgativa para combater o descoñecemento do texto da Constitución europea de cara ó próximo referendun do 20 de febreiro". Esta sería a parte resolutiva.

SR. SOTO FERREIRO: Eu recollo a idea do Sr. Domínguez Olveira da posibilidade dun debate e paréceme que sería bo. Eu dende logo acepto encantado ese reto e nese debate xa anticipo que lle vou lembrar ó Bloque Nacionalista Galego que van cometer o seu cuarto clamoroso erro na súa existencia política.

O primeiro foi o non á autopista de Galicia, era unha navallada que dividía ó país en dous e rachábao para sempre. ¿Lémbrense? A ninguén do Bloque agora se lle ocorrería dicir semellante cousa pero vostedes defenderon e con qué tipo de loitas aquela historia.

Vostedes dixeron non á Constitución do 78 e despois non souperon cómo dar voltas para se meter nela. Dixeron non á adhesión a Unión Europea e agora non paran de se proclamar europeistas. Vostedes van dicir o gran cuarto non e o gran cuarto erro dos moitos nons da súa vida política e non porque digan tantos nons, que son bastantes, senón polos seus catro grandes nons que foron catro erros descomunais na vida política que teñen feito dano grave a Galicia na súa historia, porque ata o de agora teñen sido o único partido que había aquí de carácter galego e vostedes dábanlle un carácter que realmente facía que a representación galega quedara fóra da posibilidade de representación de Galicia "a calendas grecas". Iso rematouse, polo menos vai haber dous e se hai máis o día de mañá, mellor.

Vai haber outras persoas, vai estar o Partido Galeguista que en defensa dos intereses de Galicia vai defender dende dentro os cambios que sexan precisos. Sr. Domínguez, vostede di que para facer algún cambio hai que o facer por unanimidade e iso é difícil. Tan difícil como escribir esta Constitución por unanimidade tamén.

As Constitucións, os grandes tratados, as leis escribenas os expertos por suposto, en todo tempo e lugar. Outra cousa é a aproboación política. Vostedes están argallando ideas para lle dicir que non a algo que se lle debe dicir que si e iso non quere dicir que non teñamos algúns que defender modificacións que se poderán facer no futuro pero polas eivas que ten esta Constitución, que as ten, dicir que non a todo sería un erro gravísimo e sería converterse en "outsiders" que é o que fan vostedes sempre nestes grandes temas, quedan fóra do sistema e logo teñen que facer malabarismos para se poder meter dentro del e niso tiveron habilidade porque lles acabo de dicir qué tres clamorosos nons teñen na súa historia e logo tiveron que se readaptar para se meter dentro deles.

Paréceme que coa Constitución Europea van facer o mesmo; pois algúns non, algúns xa de cara imos abordar un si crítico porque parte das críticas que vostedes facían compartímolas pero iso non nos vai facer esquecer o enorme paso que sobre todo para o pobo galego vai significar a Constitución Europea, como significou no seu día a anexión á Unión Europea que aí está para quen queira ver o que cambiou Galicia dende entón.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Isto xa está derivando ata a campaña electoral para as próximas eleccións autonómicas. Sr. Soto, con todos os respectos, entendemos agora mesmo o que significa o seu si crítico porque non estou escoitando agora aquí ningún argumento a favor dese si crítico. O seu si significa criticar ós que temos outra postura distinta. Pois ben, entendemos o que significa ese calificativo de crítico co que vostede acompaña ó si.

Eu pediría o mesmo respecto que eu teño e que imos ter sempre coas distintas formacións políticas e coa súa lexitimidade para tomar posturas, tamén pediría un pouco de respecto á formación política que eu represento e ós votantes, que son bastantes, que nós representamos, cando se dín cousas. Se aceptamos o xogo democrático, cousa que parece que algúns non fan, temos que aceptar que haxa formacións políticas que discrepemos e que digamos non a un tratado. Limos o tratado, coñecémolo, coñecemos o que necesita este país e os galegos e galegas e dende esa reflexión pedímoslle á cidadanía un non a tempo a este tratado.

Por dicir non ó tratado, que se nos califique de grande erro, de "outsiders", de que quedamos apartados, de que queremos rachar, que somos fundamentalistas, que estamos nas catacumbas, é ter pouquísimo respecto democrático ó que representa unha formación política coma a nosa.

Nós nunca diremos que os que apoian o tratado son fundamentalistas nin queren rachar Europa. Nós só dicimos que queremos estar en Europa e demostrámolo porque formamos parte das institucións europeas durante cinco anos pero aquí parece que non fai falla referendum. ¿Para qué fai falla se está claro que todo o mundo ten que votar si porque si?

Teñamos un pouquiño de respecto porque dicir non a este tratado non significa dicir non ó que algúns consideramos que ten que ser outra Europa e outra Europa mellor da que vai emanar deste tratado merecémola.

Pero hai cousas que a min non me gusta nunca escoitar. Parece ser que os galegos e galegas temos que pedir perdón por ser coma somos; parece que temos que dar as gracias a Europa polo que recibimos. Os cartos que Galicia ven recibindo nos últimos anos de Europa, veno facendo porque en relación cos demais pobos e demais rexións de Europa Galicia está nos últimos postos en benestar social, en paro, en pensións, en infraestructuras. Por iso recibimos os fondos que recibimos. ¿Temos que dar as gracias por ser unha das rexións e un dos pobos menos desenvolvidos e con menos ratios de benestar social de Europa? O que recibimos de Europa nestes últimos anos foi porque en xustiza nos correspondía porque hai outros pobos en Europa que acadaron uns niveis económicos e de benestar social que os distintos gobernos que tivo que padecer Galicia non foron quen de traballar para os acadar.

Ós galegos e galegas ninguén nos ten que dicir como se construe Europa e ninguén nos ten que dar leccións porque coa nosa historia xa demostramos que participamos na construción desa Europa co noso traballo, co noso esforzo e participaron máis que ninguén tendo que abandonar a nosa terra.

Por iso os galegos e galegas sabemos por historia o que significa traballar e construír Europa e precisamente por iso hai unha forza política que lexitimamente cre que esta Europa tería que ser a Europa dos pobos. Algúns veñen de dicir que nós non queremos unha Europa dos pobos; pois nós si, queremos unha Europa onde os pobos teñan a suficiente representación e capacidade para incidir nas políticas que se fan porque iso é garantir o futuro destes pobos.

Eu quero que os meus mariñeiros poidan circular libremente polos mares de Europa como fan outro tipo de mercadorías e hoxe non poden; quero que as nosas mulleres teñan recoñecidos nun tratado os seus dereitos, quero que se recolla o dereito a un traballo e non simplemente o dereito a acceder ós servizos de colocación.

Quero que Europa teña protagonismo na súa defensa e que non volva ser máis cómplice de guerras preventivas e de actuacións como das que foi por estar supeditada sempre ó mando único da OTAN, ó Sr. Bush.

En definitiva queremos unha Europa que poña ós galegos e galegas no posto que nos corresponde e queremos. Se vostedes cren que con este tratado se pode facer, explíquenlo. Nos cremos que non e imos explicalo porque a campaña do BNG vai ser iso, unha campaña informativa, barrio a barrio, con pequenos actos onde imos explicar porqué este tratado non merece o voto dos galegos e galegas, pero non imos facer unha campaña dicindo que os que votan si son fundamentalistas ou queren romper Europa.

Cremos na democracia e precisamente por iso deciamos o que diciamos e que as palabras do Secretario Xeral nos corroborou.

O Sr. Soto falaba de que catro grandes erros. Cando o da autoestrada aínda non existía o BNG; o BNG fundouse no ano 82, eran outras forzas pero os que estamos agora estamos a representar ó BNG. Efectivamente cando foi a integración no Mercado Común Europeo o BNG tiña un "slogan": Mercado Común Europeo ruina do pobo galego. Naquel intre xa houbo moitos que como vostede acusáronnos de querer estar afastados, de ser fundamentalistas. Pois moi ó noso pesar, logo dos anos que pasaron da integración, só lles pido que vaian ás estatísticas e miren se Galicia con respecto a Europa converxeu máis o a diferenza agora é maior.

Digo máis, ogallá nos equivoquemos con este tratado, ogallá que este tratado serva para que dentro de quince ou vinte anos Galicia estea moito máis arriba en converxencia con Europa, pero moito nos tememos que non vai ser así. Se así fora, non se preocupe que polo ben de Galicia recoñeceríamos o noso erro pero que non se nos atribua un erro de nos opoñer a unha integración porque nos opoñiamos a tal como se producía esa integración e as estatísticas e datos de paro, de benestar social, de desenvolvemento económico, déronnos a razón.

SR. ARIAS MOREIRA: Só para dicir dúas cousas. Primeiro deixar absolutamente claro que a nosa posición é totalmente respectuosa co que ven de expresar don Santiago Domínguez. Entendemos que se pode votar non lexitimamente pero non entendemos a súa posición e iso é o que queremos suliñar, resúltanos incomprendible que o non sexa compatible cunha reivindicación dun espírito europeísta.

En segundo lugar dicir que concordo con vostede cando di que Europa non nos regalou nada, foi algo de xustiza para pular polo desenvolvemento de

Galicia como doutras moitas rexións subdesenvolvidas do sur de Europa. Se iso se reflexiona un pouco levaríanos a unha conclusión que é que o que fixo a Unión Europea durante todo este tempo foi tratarnos con xustiza.

A PRESIDENCIA: Pasamos votala só co texto da última proposta que fixo o Sr. Arias.

Emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Arias Moreira, durante o curso do debate:

Substituir a parte resolutiva da moción polo seguinte texto:

Que dende o Concello se faga unha campaña divulgativa para combater o descoñecemento do texto da Constitución Europea de cara ó próximo referendun do día 20 de febreiro.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Alonso Vázquez e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Que dende o Concello se faga unha campaña divulgativa para combater o descoñecemento do texto da Constitución Europea de cara ó próximo referendun do día 20 de febreiro.

21.- (23).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE POSTA EN MARCHA
DUN PLAN DE MANTEMENTO DO CASCO VELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 24 de xaneiro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

Dende a finalización do programa Urban, coa excepción da actuación de mantemento executada por traballadores do Promil en 2003, paralizouse a atención mínima e necesaria de mantemento no Casco Vello, ata o extremo de se atopar nun estado de mantemento peor ao existente hai 10 anos.

O aspecto de abandono do Casco Vello, con ausencia de mantemento das rúas, alumeadado público, mobiliario urbano, cos bolardos arrincados, papeleiras

rotas ou sumidoiros atascados..., consolida a súa caída pola rampla da degradación urbana, económica e social.

Se consideramos que non se debe dismantelar o noso barrio histórico senón que debemos melloralo respectando a súa esencia, atopámonos ante unha situación de emerxencia que como tal debe ser tratada.

Ademais se non se pon remedio a este proceso de degradación a través dun programa de mantemento permanente e específico, agravarase a xa evidente imaxe de deterioro do barrio e verémonos na necesidade de acometer cuantiosas inversións de reposición.

Acordos:

1.- Posta en marcha dun plan urxente de mantemento que resolva as máis graves deficiencias existentes na actualidade.

2.- Creación dun equipo de obras de mantemento permanente e específico para o Casco Vello que permita afrontar con garantías as reparacións, conservación e mantemento.

A Comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Calquera que percorra o noso primeiro barrio histórico máis próximo a nós neste momento que chamamos Casco Vello, identificará de súpeto a situación de degradación tan importante que se rexistra nel, na rúa Real verá moitas lousas levantadas, calquera que pase pola rúa Abeleira Menéndez verá bolardos levantados, herba nas tapas da rede de sumidoiros, verá sumidoiros ateigados, tapas de rexistros altamente deterioradas. Coidamos que o espazo físico do Casco Vello e dende logo o seu espazo social atópase nun momento moi importante de degradación e non é o primeiro momento en que isto acaece.

Quero clarexar fundamentalmente que non se trata aquí de sinalar a ninguén, de identificar ningún tipo de desidia ou de indolencia dos responsables actuais ou dos anteriores, senón que fundamentalmente do que se trata aquí é de identificar un problema máis de fondo que é a ausencia dunha política integral para un barrio coma o do Casco Vello que coidamos que o demanda e necesítalo absolutamente.

Por loables ou ben valorables que poidan seren algunhas das iniciativas que se tomaron no pasado e que están en proceso de desenvolvemento, como por exemplo o propio convenio para constituir un consorcio para a rehabilitación do Casco Vello, a sinxela dinamización do mercado por importante que sexa non vai resolver todos os problemas deste barrio tan

degradado. Fai falla unha política integral que leve vida e actividade ó Casco Vello e nesa dirección coido que é de xustiza recoñecer o labor tan interesante que están desenvolvendo os comerciantes da zona co programa "Vigo Vello".

Nese programa de rehabilitación integral un elemento tan só pero moi importante, unha peza desa política integral ten que se desenvolver tarefas de mantemento permanente no Casco Vello. O Sr. Iglesias dixo aquí hai un par de meses nun Pleno anterior algo relativo á necesidade de que ese mantemento exista para toda a cidade. Pois eu diría que isto, que efectivamente pode ser unha necesidade para toda a cidade, é unha necesidade moi particular para o Casco Vello porque ten unhas características físicas extraordinariamente singulares.

Tanto na parte deste barrio onde houbo xa un proceso de rehabilitación física a través do programa "Urban", como na parte en que isto non acaeceu, atopamos unha serie de elementos coma pavimentos singulares, elementos da rede de sumidoiros que non son os mesmos que os do resto da cidade e que, se non se intervén continuamente para os manter, sen ningunha dúbida o único que podemos esperar é que se degraden, deanse conta que fundamentalmente na parte onde houbo intervención "Urban" hai un mobiliario urbano que está normalizado consonte cun plan que se estableceu no seu momento.

Nos poucos meses nos que tivemos responsabilidade de goberno no ano 2003 todos nós fixemos esta reflexión sobre isto o que nos levou a desenvolver usando o programa PROMIL nese caso, que non ten porqué seren necesariamente o que ocorra no futuro, unha campaña nos meses de outubro/novembro de 2003 de recuperación e mantemento permanente que coidamos que se valorou positivamente polos cidadáns da zona e en todo caso que sería interesante retomar.

Por iso formulamos esta moción que presenta os seguintes acordos: Primeiro, a posta en marcha dun plan urxente de mantemento que resolva as máis graves deficiencias existentes na actualidade. Segundo, a creación dun equipo de obras de mantemento permanente e específico para o Casco Vello que permita enfrontar con garantías as reparacións, conservación e mantemento.

SR. IGLESIAS CARRERA: Gracias, Sr. Arias, agradézolle a moción porque verdadeiramente estamos de acordo en todo isto. Encargáronme que defendera esta moción na que hai que facer algunhas puntualizacións. Din que estamos nunha rampla de degradación urbana no Casco Vello. Coido que é esaxerado que

esteamos nunha rampla dende hai 10 anos, penso que non, que iso ten un arranxo de moitos anos.

Por unha banda di que hai bolardos arrincados. Pois si señor, coma noutras partes da cidade, non nos encargamos dos arrincar, encargámonos dos poñer cando podemos e cos medios que temos. ¿Qué hai papeleiras rotas? É moi de Vigo, ¿sumidoiros atascados? Tentámolo arranxar. Había un colector por exemplo, xa que falou da rúa Abeleira Menéndez, que pasaba por dentro da xoeiría "Pato" que dá á Porta do Sol e cando entrou en carga rachou a xoeiría; houbo que o levar pola rúa Abeleira Menéndez para enganchar co colector xeral e que non teña que pasar por un predio propiedade do Concello; por iso levántase Abeleira Menéndez.

Eu non estou de acordo con que en 10 anos a rampla sexa tan descendente e de abandono, non porque hai o "Proder", hai o "Urban" e moitas máis cousas. Si se arranxou a Praza da Pedra pero a hai que levantar porque lle mete humidades nos locais dos comerciantes e xa van empezar as obras para arranxar aquilo que semella que non quedou ben feito.

Eu pódolle dicir que non levo fotografías, gustaríame seren tamén didáctico coma o Sr. Olveira e teñen ó seu dispor todo un armario cheo de fotografías que fixen por aí porque cada 15 días percorro o Casco Vello porque me interesa moito; están ó seu dispor porque así é fácil ver o que hai ou non. En canto ó edificio Cambón vaise rehabilitar, estamos facendo un esforzo grande polo Casco Vello. No edificio Cambón, como vostede ben sabe, existían dúas Delegacións coma a de Pesca e a de Augas de Galiza e pódolle preguntar ós funcionarios que traballaban alí qué pasaba coa orde urbán que agora mesmo non existe, pregunten que pasaba na rúa a Palma e na rúa Oliva. Co PEPRI do Casco Vello eu estou de acordo en que é integral, urbanismo, viais, todo, o tratamento do Casco Vello é integral. Pregunte cando se aprobou o PEPRI do Casco Vello, é verdade que sae un consorcio no que ademais están distintos partidos porque agora mesmo está a Delegación da Zona Franca que vai meter 30 millóns de euros.

Fixéronse casas na rúa Ferreiría que están pendentes de seren utilizadas. Rehabilitáronse outras casas para xente xove e mulleres maltratadas.

Por exemplo lle vou falar de pequenas obras pero para que vexa que cada 15 días sen ningunha axuda máis ca da miña pequena máquina, paso por alí e pódolle demostrar todo o que se vai facendo. Cada 15 días paso por alí pero vou vestido de lagarterana, non vou nin con fotografías nin con periodistas. Casetas do arco de Quirós, ¿vostede sabe o que son esas casetas? Dígollo eu, non o sabía ninguén. Era un foco de ratas e tiráronse, está ó final da

rúa Fermín Penzol. A Pedra vaise arranxar. Do edificio Cambón xa falamos. Ten o seu dispor as fotos. Hai unha brigada que se vai meter alí tan pronto coma estean contratados os do programa que agora se chama "Vial" porque está programado que unha serie de brigadas multidisciplinares estean en distintos lugares de Vigo porque é verdade o que eu sempre lle dixen: en Vigo o Casco Vello é moi importante pero non só é o Casco Vello.

En canto á Praza da Princesa non está na rampla deses 10 anos, mellorouse moito neses 10 anos. En canto as outras cousas que había na rúa de Poboadores quitáronse dalí.

É dicir, coido que hai que seren positivo e pensaren en Vigo. Todos estamos a prol de ir mellorando iso e que cada un ten esa pequena medalla da satisfacción propia sen exhibir estas cousas nun ano tan electoral. Coido que se fixeron moitas cousas e vanse facer moitas máis.

Eu alegreime moito da aprobación do PEPRI que indubidablemente estaba xa moi preparado polo Grupo do BNG e podería terse aprobado quizais antes pero vai permitir rehabilitar seriamente todo ese Casco Vello.

Contesto eu porque lle teño especial cariño a esa zona e digo que se vai mellorar moito; moitas rúas e moitos edificios estiveron con "okupas" e desalouxáronse e non por nós, moitas casas están queimadas e non se arranxaron. Espero que todo iso se mellore e que se vexa dende un punto de vista positivo, de optimismo e non de que está nunha rampla descendente dende hai 10 anos porque eu dende logo que non estou de acordo. Moitas gracias.

SR. ARIAS MOREIRA: Unha pequena precisión porque realmente na moción non se di que estea na rampla dende hai 10 anos, senón que está na rampla dende o remate do programa "Urban" e digo isto porque no programa "Urban" había unha política xeral. Xa me tranquiliza que vostede me diga que no fondo do asunto está de acordo pero coido que é fundamental que haxa esa política, que se acepte coma tal. Eu non dicía que a rampla era dende hai 10 anos, senón que dende que rematou esa política.

A PRESIDENCIA: Imos votar esta moción pero tamén quero dicir que debe ser a única cidade de Europa que se perde un programa "Urban" e non temos o "Urban II" precisamente por falla de xestión.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Alonso Vázquez e as Sras. Molares Pérez e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, sobre posta en marcha dun plan para o mantemento do Casco Vello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (24).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE EN RELACIÓN CO CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO RELATIVO Ó ALLEAMENTO DE PARCELA NO PERI 4 BARREIRO 2 PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 24 de xaneiro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"O Pleno do Concello de Vigo, na sesión do 19 de febreiro de 2003, aprobou os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas económico-administrativas particulares que rexeron o contrato de compravenda para o alleamento en poxa pública á alza da parcela edificable municipal do PERI 4 BARREIRO 2, na parroquia da Sta. Cristina de Lavadores (Vigo), para a construción de 100 vivendas de protección autonómica, así como ordenou iniciarse o procedemento de licitación.

Convocada a poxa para alleamento non se presentaron ofertas, polo que a Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de abril de 2003, propuxo ó Pleno da Corporación declarar deserta a subhasta convocada.

Constatado polo anterior Goberno municipal o interese de colectivos veciñais e cooperativas en asumir dita promoción de vivenda pública, nos termos e condicións acordados no seu día polo Pleno, en outubro de 2003 a entón concelleira de Patrimonio impartiu instrucións á Oficina de Contratación para a modificación do prego de condicións e a súa adaptación ó procedemento negociado. Cambio de procedemento de adxudicación que en sesión do 22 de novembro de 2003 dictaminouse favorablemente pola Comisión informativa de Persoal, Patrimonio, Contratación e Réxime Interior.

Xa baixo o mandato do actual Goberno municipal, en sesión do 29 de decembro de 2003, o Pleno da Corporación acordou, co voto favorable dos grupos municipais do PP, BNG e PSdeG-PSOE, aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexerá o contrato de compravenda para o alleamento por procedemento negociado da parcela edificable municipal no PERI 4 BARREIRO 2, na parroquia de Sta. Cristina de Lavadores (Vigo), para a construción de 100 vivendas de protección autonómica, así como convocar o citado procedemento negociado.

Transcorrido máis dun ano da adopción do devandito acordo nin se iniciaron as obras de construción das vivendas de promoción pública no ámbito do PERI 4 BARREIRO 2, nin rematou á definitiva urbanización do polígono, nin tan sequera se procedeu ó alleamento da parcela municipal, incumprindo o Goberno deste modo o mandato plenario.

Polo todo o anterior, propónse ao Pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Instar ó Goberno municipal ó inmediato cumprimento dos acordos adoptados polo Pleno no punto 23 da orde do día da sesión do 29 de decembro de 2003, procedendo ó alleamento por procedemento negociado da parcela edificable municipal no PERI 4 BARREIRO 2, na parroquia de Sta. Cristina de Lavadores (Vigo), para a construción de 100 vivendas de protección autonómica, nos termos e condicións aprobados polo Pleno."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: O Peri Barreiro II, antigas instalacións militares, prevé a construción de 100 vivendas de promoción pública. Este Pleno aprobou o 19 de febreiro de 2003 allear a través de subhasta a parcela con destino á construción de vivendas de protección pero lamentablemente non concorreu ningún ofertante.

Neste estado atopámonos o expediente cando tivemos responsabilidades de goberno, un terreo municipal destinado á construción de vivendas de promoción pública e ningunha entidade interesada na adquisición do terreo e construción das devanditas vivendas.

Coidamos que lle demos solución a través de varias vías. Por unha banda, tras varias conversas comprobouse que existían entidades interesadas na adquisición e construción das mesmas, cooperativas, empresas de construción e especialmente a Federación de Veciños e que o procedemento de contratación que se debía seguir debía seren un procedemento negociado.

Tras a emisión dos preceptivos informes técnicos, a Comisión Informativa dictaminou favorablemente esta proposta o 22 de novembro de 2003 e o novo Goberno asumíu esta proposta e elevouna ó primeiro Pleno ordinario realizado o 29 de decembro de 2003 onde o Sr. Figueroa en concreto textualmente dixo: "Pensamos que Barreiro é unha actuación que debe ter a prioridade de calquera goberno, coido que hai que acelerar este tipo de actuacións para que se poidan rematar canto antes e que Barreiro se merece este tipo de prioridades". Mal entendemos este Grupo o criterio de acelerar ou priorizar deste Goberno porque o procedemento negociado aprobado o 29 de

decembro de 2003 implica a petición de tres ofertas e a 31 de xaneiro de 2005, hoxe, aínda non saíron as cartas.

Entendemos que este asunto trasládanos mesmo máis aló do incumprimento dun acordo plenario porque a paralización deste expediente está imposibilitando o acceso á vivenda de quen máis o precisa, de quen conta con menos recursos económicos, nun ano no que o incremento do prezo da vivenda en Vigo foi dun 17% co que non só se está incidindo no que pode ser o freo do prezo da vivenda, senón que se incumpre cunha clara función social: permitir que os cidadáns máis desfavorecidos conten cunha vivenda digna e axeitada, é dicir, se dea cumprimento a un mandato constitucional.

Pero esta política de promoción pública de vivenda ó actual Goberno municipal semella que non lle interesa ou polo menos dun xeito suficiente, porque a única actuación de vivenda de promoción pública que ademais contou co voto favorable de todos os Grupos maioritarios atópase inexplicablemente paralizada.

Por tanto lle propoñemos que a ineficacia coa que se actuou ata agora neste tema abandoando o seu deber de cumprimento dun acordo plenario que neste caso lesiona gravemente a todos aqueles cidadáns que poidan acceder a 100 vivendas de protección oficial, se transforme de xeito inmediato en exercicio de bo goberno. Moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: A política urbanística do Partido Socialista é simpática. Vostedes non paran de clamar contra un Plan Xeral porque din que ten exceso de construción, de edificios, etc. ¿Por qué están interesados en construír no antigo cuartel de Barreiro? ¿por qué están interesados en contruír e non en preservar unha parcela que podería ser zona verde de uso público enteira posto que é municipal? ¿é que non hai outros lugares nos que construír vivendas? Estou a favor de que se constrúan vivendas aí pero ¿por qué é esa a súa política e a súa preocupación? ¿a quen lle pode interesar a súa preocupación?

Logo outra pregunta: ¿non se preguntan por qué ningún constructor se presentou realmente diante desa promoción? A resposta é clara e vostedes teñen xuristas nas súas fileiras: porque é flagrantemente ilegal, porque ten unha dura oposición dun importante grupo de veciños que están nos tribunais co tema e nós tamén porque é flagrantemente ilegal e calquera de primeiro de Dereito, non precisa rematar a carreira e eu non fixen a carreira de Dereito, con ler un par de cousas decátase de que é flagrantemente ilegal. Vostedes que tantas chatas lle queren poñer (non vou

entrar se con razón ou sen ela) ó Plan Xeral e que tanta oposición lle poñen están empurrando para construír algo ilegal e ademais nun sitio que podería ser parque público.

Miren, vivendas de promoción oficial todas as posibles, deixando xa á parte a legalidade que queda claro que o Partido Galeguista defenderá sempre o Estado de dereito cando lle guste ou cando non pero, deixando á parte esa argumentación que para nós sería suficiente e aínda se non existise, xamais votaremos a favor de ningún tipo de vivendas sempre que se poidan construír zonas verdes alternativamente porque neste caso concreto se poden establecer os plans de reforma interior que lle pete ó Concello na zona para facer vivendas de promoción oficial, pero convirán vostedes comigo que sería moito máis difícil atopar arredor de 90.000 m2 que coido que ten o antigo cuartel de Barreiro para facer outra cousa.

No seu día cando eu promovín a adquisición deses terreos había unha predecisión, unha condición de Defensa que era xusto construír unhas vivendas sociais no sitio que vostedes din, unha condición que aceptamos porque se acadabamos uns 70.00 m2 para zona verde e nos deixaban 20.000 para que Defensa construíra, eu voltaría apostar por iso. Pero logo se refixeron as negociacións, por certo se melloraron, cousa que non era posible antes pero o foi logo, e chegouse á merca da totalidade dos terreos e son 100% propiedade do Concello. ¿Cantas oportunidades vai ter o Concello de Vigo para atopar 90.000 m2 xuntos para facer un parque? Respóndanse vostedes. Defendan o que defende o Partido Galeguista, a construción aí dun parque e que nos arredores, coa figura urbanística que coiden máis conveniente, se constrúan as vivendas de promoción pública que estimen oportunas, que deben ser esas e algunhas máis por certo.

SR. FIGUEROA VILA: Só para matizar algunhas cuestións porque si que estamos de acordo no fondo do tema aínda que non coa argumentación e así imos votar a moción.

Sacouse o tema a concurso e quedou deserto como todos vostedes saben. Non coincido co Sr. Soto, por suposto que non foi por unha cuestión xurídica, foi porque non era economicamente rendible para as empresas. Coido que se fixo coa mellor intención porque mesmo todos votamos a favor o prego, penso que se fixo tentando buscar os mellores criterios para que se presentase o maior número posible de empresas. Non foi así, ás veces suceden estas cousas, e o que se fixo durante estes últimos meses foi falar con posibles interesados a ver se con ese mesmo prego estarían dispostos a presentarse.

Había poucas opcións e tomamos a decisión co Secretario Xeral que ademais participou e cos técnicos de Patrimonio de elaborar un novo prego, prego que lles daremos a todos vostedes e que levaremos á Xunta de Goberno do 14 ou 21 porque xa está totalmente ultimado, están facendo os informes e sacáremolo a concurso novamente. Coido que iso é o máis prudente nestes momentos porque había posibilidades de que voltase quedar deserto ou que a ninguén lle interesase e polo tanto pensamos que é mellor asegurarse na nova redacción na que hai algunhas modificacións que xa comentaremos.

Polo tanto dicirlle que é a resolución, a idea, ímoslla votar a favor aínda que evidentemente non ós argumentos porque coido que se fixeron as xestións correspondentes para asegurar que houbera empresas suficientes.

Eu non quero entrar en polémicas co Sr. Soto, evidentemente el mantén un criterio totalmente distinto con respecto a este tema e nós imos seguir defendendo a legalidade dese expediente e dicirlles que non foi por unha cuestión puramente xurídica, senón pura e exclusivamente por unha cuestión de rendibilidade económica das empresas que consideraron que os proxectos ou prego non reunían as condicións para que eles puideran presentar a súa oferta.

SR. RUIZ CENICEROS: Só para matizar no que hai respecto ós argumentos urbanísticos.

En realidade a moción o primeiro que denuncia é que o expediente estea parado un ano sen se realizar ningunha xestión. Dende logo que antes de que a zona sega a degradarse e que non se faga nada cando é competencia municipal, case preferiríamos que fose zona verde, iso antes de que se manteña na mesma situación na que está agora mesmo.

En todo caso e en principio, respectando a súa opinión de que sexa ilegal, a situación na que nos atopamos é que agora mesmo o Plan Xeral que se aprobou inicialmente recolle esa mesma actuación o que nos dá a entender que en principio a vontade maioritaria dos Grupos é que se manteña esa promoción de vivendas públicas. A legalidade está, agás que se cambie o criterio desta Corporación, no futuro case garantido mesmo en contra dos recursos que no seu momento presentou un grupo de veciños.

En canto a que se había constructoras que non estaban interesadas dicir que dende logo cando estivemos con responsabilidade no Goberno os que estiveron máis interesados (e iso supoño que agora mesmo lle consta ó Goberno) foi a Federación de Veciños e a propia Asociación de Veciños de Lavadores que se

mostraron especialmente interesados en facerse cargo desa promoción de vivendas de protección pública.

Nese sentido si terá explicación o retraso pero non ten excusa válida en canto que calquera modificación dos pregos dende o momento que deixamos o expediente ou calquera falla no concurso nun ano se tiña que solventar do mesmo xeito que en seis meses se solucionou a situación na que se atopou co primeiro concurso deserto.

SR. SOTO FERREIRO: Evidentemente, Sr. Ruiz, unha das obxeccións que eu tiña ó PXOM era a construción de vivendas aí pero sinxelamente para lle dar unha información ó Sr. Figueroa, información que non ten e polo tanto non a podía saber.

Comigo falaron dous constructores interesados en construír aí. Viñeron preguntarme a qué se debía realmente a nosa oposición, en qué se fundamentaba e ata onde pensabamos chegar e díxenlles que a iamos manter ata as últimas consecuencias; si estaban interesados en licitar no seu día e diante desa información non o fixeron; diante desa información e doutras que eles puideran ter, pero comigo viñeron falar para me dicir que estaban interesados en facelo e en base á oposición que lles dixen que iamos manter ata as últimas consecuencias e da man dos veciños, logo non licitaron.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Alonso Vázquez e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e o voto en contra do Sr. Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, en relación co cumprimento de acordo plenario relativo ó alleamento de parcela no PERI 4 Barreiro 2, para construción de vivendas de construción autonómica, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (25).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito presentado no Rexistro Xeral en data 24 de xaneiro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

"O Regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) di nos seus artigos 2 e 3 o seguinte:

- Artigo 2: Finalidades.

As finalidades sobranceiras do CEMV serán as de estudo, asesoramento e emisión de propostas á Corporación municipal e á Administración educativa sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incidan na nosa poboación, na procura da máxima participación de todas e todos os cidadáns, entidades e organismos interesados no feito educativo.

- Artigo 3: Funcións.

O carácter do organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das funcións que lle son propias ao CEMV: asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións seguintes:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación ou calquera outra administración pública que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes tales como o transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se fose o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
- d) Localizacións dos centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación lles outorgue aos concellos en cada momento e especial atención á suspensión de barreiras arquitectónicas.
- f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, a renovación pedagóxica, os principios da escola activa e a integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, para chegar a unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.
- g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lles outorgue aos municipios.
- h) Na programación de investimentos en materia educativa.

- i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello sexa consultado.

Da sinxela lectura dos artigos anteriores dedúcese a importancia que ten o CEMV para un goberno municipal que se fora a preocupar minimamente polos temas educativos, nun intre no que o desenvolvemento do Pacto Local suporía con total seguridade unha asunción maior de responsabilidades educativas por parte dos Concellos.

O actual goberno municipal non constituíu aínda o CEMV despois de máis dun ano dende a súa toma de posesión.

Tendo en conta que o artigo 4 do Regulamento vixente obriga ao Concello a consultar ao Consello Escolar Municipal sobre as cuestións contidas no artigo 3 no amplo catálogo de funcións antes descritas, compre pensar que ou ben o goberno municipal non ten política educativa en todas as funcións anteriores, ou ben non lle interesan as opinións e participación de todos os cidadáns, entidades e organismos interesados no feito educativo.

Como bastante de ambas posibilidades corresponde á realidade segundo teñen comentado a este concelleiro moitos membros da comunidade educativa, é polo que propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A inmediata constitución do Consello Escolar Municipal de Vigo para que poida asumir as funcións de asesoramento, consulta, proposta e información previstas no artigo 3 do seu Regulamento."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 24 de xaneiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Na moción que se presenta hai un argumentario inicial no que se recollen fundamentalmente os artigos 2 e 3 do Consello Escolar Municipal de Vigo. Vou ler exclusivamente o artigo 2, as finalidades deste Consello.

"As finalidades sobranceiras do Consello Escolar Municipal de Vigo serán as de estudo, asesoramento e emisión de propostas á Corporación municipal e á administración educativa sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incidan na nosa poboación na procura da máxima participación de todas e todos os cidadáns, entidades e organismos interesados no feito educativo".

No artigo 3 ven un amplo catálogo de funcións deste Consello Escolar Municipal, dende a letra a) á letra i) que lles aforro porque dalgún xeito cubren case practicamente todas as cuestións educativas, sexan mesmo competencia dos Concellos en xeral ou non, e iso lévame sacar unha conclusión respecto a que os Concellos que están ademais sempre tratando de pular por ter maiores competencias no eido da educación, porque entendemos

que é unha administración que pode achegar moito máis positivo á educación do que está a facer ou pode facer a administración educativa das Comunidades Autónomas, é algo que ademais está previsto no desenvolvemento do Pacto Local onde se prevé que mesmo se poidan ampliar esas competencias pero xa só coas competencias que hoxe ten, por suposto que dende o punto de vista consultivo, de asesoramento exclusivamente, a non constitución deste Consello logo de máis dun ano de goberno municipal indica unha de dúas cousas: ou que non hai política educativa por parte deste Goberno municipal, ou ben que non lles interesa a opinión e participación de todos os cidadáns interesados que están traballando no feito educativo. Coido que hai un pouco das dúas cousas, é máis, de me ater ó que opinan moitos membros da comunidade educativa coido que tería que ser moito máis radical á hora de dicir que un pouco de ambas cousas.

Segundo moitos membros desa comunidade educativa non é que non exista coma tal nome a Concellería de Educación o que é importante, coido que a reorganización de áreas dando unha responsabilidade a un único concelleiro dunha grande cantidade de áreas, por iso quero que non se entenda en absoluto isto como algo de carácter persoal do concelleiro actualmente responsable destas tarefas porque levando todos os servizos sociais, todas as áreas que leva non me estraña que en efecto non haxa preocupación pola política educativa deste Concello, non me estraña que non reciba practicamente a entidades responsables da comunidade educativa que teñen que esperar meses e meses e se insisten ó mellor acaban sendo recibidos, pero lamentablemente coidamos que a chea de responsabilidades que cubre esa área impide que sexa atendida unha área que no Concello de Vigo ven sendo dende sempre permanentemente moi atendida, coido que mesmo en moitas ocasións mimada.

Lamentablemente coidamos que hai que dar unha volta total a este tema porque este estado de abandono non pode continuar e nese sentido é absolutamente imprescindible que se constitua de inmediato o Consello Escolar Municipal coma se propón no apartado dispositivo para que poida asumir as funcións de asesoramento, consulta, proposta e información previstas no art. 4 do seu Regulamento para que de inmediato estude precisamente esa situación.

Se se ven outros artigos deste Regulamento o feito de que teña que haber catro reunións ó ano logo da súa constitución e que levemos máis dun ano e pico e non se constituira siquera, fala claramente do abandono dalgo que en principio está asumido por moitos Plenos desta Corporación, moitos

Gobernos, é algo practicamente histórico. As definicións ampulosas coma a de "Vigo cidade educadora" deben ter contido e lamentablemente na situación actual está practicamente abandonado todo ese contido que debería ser algo máis que un "slogan" que dende logo forma parte da historia do municipalismo nesta cidade.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Sinxelamente para apoiar a iniciativa do Sr. Calviño que nos semella oportuna e ademais necesaria porque logo dun ano do goberno do PP podemos observar claramente un cambio de liña respecto da participación se o comparamos cos anos nos que nos correspondeu a nós levar o goberno da cidade. O Sr. Calviño facía alusión ó mimada que estivera esa área en concreto e eu teño que dicir que estou totalmente de acordo con el. Esta non é unha apreciación subxectiva senón que se apoia en feitos e eu iría un pouco máis aló mesmo da área de educación, xa que non se están convocando os consellos municipais, non se convocou tampouco o Consello Municipal de Sanidade, nin o de Deportes, nin o de Participación Cidadá malia de que se está facendo o Regulamento de Participación Cidadá e isto comentouse o outro día na Comisión. É dicir, eu non coido que sexa un problema desa área en concreto, senón que é a liña política do PP a respecto da participación dos veciños e veciñas da cidade e dos seus organismos representativos.

Polo tanto apoiamos esta iniciativa e ademais esperamos que para que se convoquen os consellos municipais que están sen convocar non fagan falla mocións concretas sobre eses temas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: En relación con isto o certo é que para constituir un órgano fai falla un proceso de constitución e para que ese proceso de constitución se poña en marcha fai falla a vontade. É certo que esa vontade do poñer en marcha non existiu antes de que eu fose Concelleiro de Educación.

Actualmente iniciouse xa o proceso constitutivo que é certo que é longo, xa se iniciou hai meses. Requiriuse a todos os organismos e colectivos para que designen ós seus representantes, houbo que requirir á Consellería de Asuntos Sociais para que nos indicasen os datos relativos ás eleccións sindicais e tamén se acadou iso. Requiriuse ós Sindicatos e designaron algúns representantes, voltouse requirir a algunhas entidades que non nomearon, voltouse requirir por terceira vez e aínda falla algún por designar ó seu representante e malia iso estamos requirindo telefonicamente

para que o designe. É dicir o proceso constitutivo iniciouse, non se constitúe un órgano sen un proceso previo que non existiu antes de que eu fose Concelleiro de Educación.

Eu non digo que antes de que eu fose Concelleiro de Educación non se reunise unha ou varias veces o Consello Municipal o que via difícil polos prazos, ou que se constituira o que tamén via complicado pero polo menos que se requirise o nomeamento dos representantes ou que se enviara a carta para os nomear, que se iniciara o expediente ou que se fixera algo, atopar algún expediente iniciado para poder así acurtar os prazos.

Tamén é certo que aquí se di que o Consello Escolar reuniuse algunhas veces, pero resulta que durante 15 meses o Goberno do Bloque/Socialista non moveron papeis sobre o Consello Escolar Municipal, ousexa que cada quen asuma as súas responsabilidades. Nós estamos no proceso constitutivo, xa se iniciou hai meses e esperamos que nomeen os representantes que fallan por designar e o poidamos realizar o máis axiña posible.

Sobre todo o demais que di, que non existe preocupación, que non recibo, pois hai algún colexio ó que recibín ata tres veces. O certo é que algunhas veces mesmo non viñeron ás reunións, outras veces quererían e non puideron pero teño que dicir que algún centro mesmo foi recibido por este Concelleiro tres veces. É certo iso que di sobre que teño moitas Concellerías pero iso non impide que os poida recibir. Recibín a algún centro e mesmo fun ata alí, ousexa que son ata catro veces as que fun a algún centro.

En canto á política educativa, antes cando saíu a moción do "Saladino Cortizo" viu que unha política é a da non discriminación. É certo que o "Saladino Cortizo" estivo abandonado, que non recibía partidas de mantemento e esa foi unha novidade que vimos, estudamos e que non puidemos excluír da política municipal dos programas de mantemento. Non vou citar aquí porque senón logo din que fago oufanía do que eu fixen pero dende logo recibimos ós grupos que pediron reunión, a algúns varias veces e puxemos en marcha o proceso constitutivo. O que me gustaría sería que se iniciara algo antes para poder así acurtar os prazos.

É certo que é inmediata a constitución do Consello Escolar Municipal e respecto ós demais consellos que antes citou coma o de Participación Cidadá, coido que por exemplo o Consello Municipal de Participación Cidadá creouse no ano 2002 e xamais se volveu reunir, polo tanto que cada quen asuma o seu. Neste sentido a política educativa de promoción deste goberno municipal, sobre todo en materia de garderías infantís e centros escolares

de educación infantil, é clara. Imos escoitar a todos os colectivos vinculados ó tema de educación e por tanto imos reunir tamén a este Consello Municipal que está en marcha e que se non se constituíu foi por esa falla e esa necesidade de requirir varias veces a algúns colectivos para que designen ós seus representantes, ó mellor de convocalo sen eses nomeamentos me dirían que non me quero xuntar con eles. Quero que estean todos, estámoslles requirindo e por iso en datas inmediatas reunírase este Consello Escolar Municipal.

A PRESIDENTA: Pasamos votar esta moción e manifestar que nos orzamentos municipais hai un incremento dun 24%.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Só para facer unha matización porque coido que lembrar vellos tempos non é moi interesante en ocasións pero lle podó asegurar que durante os escasos meses que estiven coma Concelleiro de Educación si reuníme con todos os colectivos que ademais terían que estar representados neste Consello Escolar Municipal de Educación de Vigo. Poden ter a completa seguridade que estaría máis que montado de seguer no goberno municipal o Partido Socialista porque precisamente cando se pensaba iniciar o proceso de constitución entramos na etapa que todos lembramos e todos os colectivos entendía perfectamente que non estaba "o forno para bolos". O que si lle podó asegurar é que a educación en Vigo é algo que é moi sentido, que a colectividade do mundo da Educación na cidade de Vigo síntese nestes momentos enormemente doída por non se sentir representada no goberno municipal cun Concelleiro de Educación que teña ademais o nome. Entendo que a distribución de áreas é importante pero cousas tan importantes coma esta no mundo da educación non son secundarias e eu pediríalle que dea os pasos nos próximos tempos para se achegar a esa comunidade que ten moito que dicir na mellora da educación nesta cidade.

A PRESIDENTA: Como non só se trata de recibir senón de feitos, penso que ese incremento do 24% di moito da política en materia educativa que queremos levar adiante.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Alonso Vázquez e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, instando a constitución do Consello Escolar Municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de pasar ó último punto da orde do día dicir que hoxe vai á Xunta de Goberno Local un tema que penso que é importante; a cesión dun local para a Asociación de Xordos e como está aquí parte da Directiva, en nome de todos os Corporativos, se lles parece, dámoslle a benvida e que serva ese novo local para poderen facer un traballo mellor a prol da integración sociolaboral dun colectivo que tanto o precisa.

24.- (26).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA E ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO SOCIALISTA, SRA. GRAÑA BARCIA, SOBRE DESTINO EDIFICIO ANTIGA ESCOLA DE HOSTELERÍA.

SRA. GRAÑA BARCIA: Unha pregunta e un rogo. Segundo os datos dos que dispoñemos, semella que nestes momentos está libre de trabas un edificio municipal, en concreto o que anteriormente se destinara a escola de hostelería. Por tanto queremos preguntar cal vai ser o destino que dende o Goberno municipal se lle vai dar ó devandito edificio.

Acompañamos isto tamén dun rogo: que en todo caso os principios de concorrencia e de publicidade de cara a quen puidera ostentar a condición de concesionario do devandito edificio sempre se cumpran. Gracias.

A PRESIDENCIA: Estase a traballar nun proxecto do que no seu día daráselle coñecemento.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO SOCIALISTA, SRA. SÍO LOURIDO, SOBRE PERSOAS DISCAPACITADAS.

SRA. SÍO LOURIDO: Querería facer un rogo. Todos traballamos, e vostede así o fixo, para que as persoas discapacitadas sexan visibles na nosa cidade porque sabemos que unha das cuestións máis importantes para que a integración se leve a cabo é que estas persoas sexan visibles, coma vostede fixo agora nomeando ó colectivo de xordos.

Traballábase nun gabinete, creouse un Consello de Accesibilidade cunha permanente, o Consello foi convocado hai un ano. ¿É posible convocar máis de cotío ó Consello, á Permanente ou senón informalmente ás asociacións do Gabinete?

Non sei se o fixeron ou o van facer pero eu lles pregaría que unha actividade que era a dos premios de integración que realizabamos os días 3 de decembro e foise axustando a esa data porque o 3 de decembro é o Día Internacional das Persoas Discapacitadas, ese día para estas persoas é moi importante e tamén son importantes os Premios de Integración porque os fan visibles.

Pregaríalle que o máis axiña posible tiveran en conta non só algunhas cuestións moi importantes coma é esta en particular, senón a visibilización das persoas discapacitadas como se fixo co colectivo de xordos (doulle a noraboa ó Goberno e á Asociación), a visibilización das asociacións, que falen con elas e dean o máis axiña posible os Premios de Integración. Isto seméllame case máis importante que todo. Gracias.

A PRESIDENCIA: Sabe da miña sensibilidade con respecto a este tema e pódolle dicir que precisamente se está traballando nun grande premio.

* PREGUNTA E ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, SOBRE RUIDOS QUE PRODUCEN AS BANDAS SONORAS DO TUNEL DA TRAVESÍA DE VIGO.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Esta tamén é unha pregunta e ó mesmo tempo un rogo, Sr. Coello. Antes de facer a miña pregunta teño que facer unha pouca de historia.

O 2 de xuño de 2004 abriuse ó tráfico, como todos vostedes saben, o que chamamos túnel de Carrefour; nel puxéronse unhas bandas sonoras na entrada e na saída, supoñemos que foi unha medida disuasoria para que os automobilistas reduciran a velocidade. Estas bandas sonoras provocan día e noite un continuo ruído e retumbo nos pisos altos dos edificios que se

situan a esta altura da Travesía de Vigo, concretamente entre os números 174 e 200, tamén as bandas da saída afectan ós veciños do Troncal. Este é un ruído practicamente insoportable e xa o día 8 de xuño de 2004 presentáronse neste Concello por varios veciños cartas, concretamente un veciño presentou as cartas falando primeiramente coa comunidade, unha dirixida á Sra. Alcaldesa e outra ó Sr. Concelleiro. Déuselles no Rexistro a entrada correspondente e unha semana despois a Secretaria da Sra. Alcaldesa chamou a este veciño para lle comunicar que se trasladaba a queixa ó departamento correspondente.

A partir daí non se voltou saber nada polo que os veciños se mobilizaron e recolleron nada máis e nada menos que 502 sinaturas que presentaron neste Concello o día 21 de xullo de 2004.

Con posterioridade solicitouse tamén a medición dos ruidos por parte do departamento de Seguridade pero a 31 de xaneiro esta medición non se produciu e non se lles deu solución a estes veciños.

A pregunta, Sra. Alcaldesa é ¿cando se vai proceder á medición deste ruído? O rogo sería que sexan retiradas as bandas sonoras e substituídas por elementos máis eficaces e menos ruidosos porque verdadeiramente aquilo é un continuo retumbo.

A PRESIDENCIA: Encargareime hoxe mesmo.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SOBRE SITUACIÓN DO APARCADOIRO DA CLÍNICA DE FÁTIMA.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Este é un rogo. Como hoxe tivemos a satisfacción de que se pode obrigar a un aparcadoiro a cumprir as ordes que non quería, hai outros aparcadoiros que son privados e ós que a xente vai a eles non porque queira, senón por necesidade como é o aparcadoiro actualmente en uso do complexo hospitalario de Fátima. A verdade é que é lamentable a situación do piso.

Rógolle que polo bo ornato e coma obriga que temos, se comprobe ese piso por mor da xente que vai alí a visitar ós seus enfermos. Ese aparcadoiro interno no que cobran por entrar está nunha situación lamentable e se o Concello ten a responsabilidade de obrigar ás concesións tamén ten que obrigar ós privados que quitan lucro a que manteñan polo menos aquilo polo que cobran. Pídelles polo tanto que fagan esa comprobación.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.